

DORNA



EXPRESIÓN POÉTICA GALEGA Nº 42
2019

D O R N A



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2019
© Xunta de Galicia, 2019

EDITA
Edicións USC
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
www.usc.gal/publicacions

ISSN 0213-3806
ISBNe 2340-0099

EXPRESIÓN POÉTICA GALEGA Nº 42

2019

DIRECTOR: Ramón Lorenzo

COMITÉ DE REDACCIÓN: Alba Cid, Ismael Ramos.

SECRETARIA: Alba Cid

COMITÉ ASESOR: Juan Viaño Rey (Reitor da Universidade de Santiago de Compostela), Valentín García Gómez (Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia), María José López Couso (Decana da Facultade de Filoloxía), Francisco A. Cidrás Escáneo (Director do Departamento de Filoloxía Galega), Luís González Tosar (Presidente do Pen Clube).

FOTOGRAFÍA: Alexandra R. Rey. Obras pertencentes ao proxecto 12-25/71-84 *Procesos do desvanecerse*.

A imaxe da páxina 72 é da autoría de Moncho Iglesias.

A imaxe que aparece na sección *Poéticas* é da autoría de Xaime Fandiño.

DESEÑO E COMPAXINACIÓN: Antón García

ENDEREZO: **DORNA**, Expresión Poética Galega, Cátedra de Lingüística e Literatura Galega, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela, 15705 Santiago de Compostela.

ENDEREZO ELECTRÓNICO: dornausc@gmail.com

A revista DORNA reitera o chamamento ás escritoras e aos escritores para que nos envíen as súas colaboracións, a ser posible por correo electrónico ou ben por correo ordinario, preferentemente acompañadas dunha versión dixital.

O comité de redacción de DORNA non se compromete a manter correspondencia sobre os textos que se lle envíen nin a devolver os orixinais.

ESTA REVISTA SAE MEDIANTE COEDICIÓN ENTRE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO



CREACIÓN

NO

Poemas

O descoñecido

Nas montañas da noite
alguén se achegou
e eu,
perdida,
desesperada,
durmida,
respirei o seu bafo,
absorbino
e impulseime contra o seu peito.

Pero o seu peito picaba
e o seu bafo ardía
e cubríame dunha bóla de lume podre
que me comía as cores
e me borraba a silueta.

O teu recordo

Acoitelaches o teu recordo,
o que vivía en min
e protexía no máis fondo
do burato negro
onde non chegaba a razón.

Acoiteláchelo ao acoitelarme;
xusto incidiches nesa fenda
escura,
absurda,
e saíu arrastrado
polo sangue
que, do meu peito,
manou.

Es

Es coma unha pedra gorda
que cae rodando
unha e outra vez
e pasa por riba de min
e me golpea
e me chafa.

“Foi só esta vez”, dis.
“Xa sei, xa sei”, comentas.
“Teño que mudar”, argumentas.

Pero segues a pasar por riba do meu peito,
ata facerme cóncava,
e nesa cunca gardo as bágoas
da rabia de deixarche pisarme,
pousar os teus pasos de pedra en min.

Abalo

Movémonos dun lado ao outro
e somos
coma o mar de luces (a)fundidas
sobre o que camiñamos.

Abalamos, sen ver nada,
cos pés metidos na marea
escura
e turrando o un da outra,
a outra do un,
acabamos por mancarnos
(a)o camiñar.

Aí vai e non para
o relanzo,
a amortuxada luz da lúa
na auga
ateigada
de peixes mortos.

Dor

Nada diso doeu tanto
coma esta relación
que me envelena aos poucos
ata queimarme por dentro
e deixarme seca.

Canto podemos aguantar
baixo a promesa
dese algo que nunca chega,
mentres imos perdendo
a pouca cordura que nos queda,
os folgos que escasean
e esta esperanza que nos cega?

Ollo ao ceo, tan quedo,
mais sempre en continuo movemento.

Nubes, levádeme de aquí,
onde non doia tan fondo,
tan dentro,
convertida nunha masa
de auga condensada,
ata volverme chuvia.

Sen título

Hai veces que querería aniquilar as palabras,
todas e cada unha desas que usas para cambiar a realidade
e volvela tan diferente a como a cousa foi
que empezo a ver manchas
coméndome o cerebro
e facéndome esquecer quen son,
que pasou,
quen gañou.

Gañar non gañamos ningún dos dous;
foi unha derrota compartida
de tempo e de enerxía
perdida,
deitada ao lixo.

Ana Fontenla

Para o mal que estamos queixámonos moi pouco.

Mango tomate
salmón e aguacate.

Fago a listaxe da compra semanal e escoito boleros.

Eu non podoo falar con deus e non me sinto adorada.

O mar podería ser o espello do meu corazón, si. Podería.
E digo podería porque o meu corazón non se reflicte en absolutamente
ningunha superficie.
Porque o meu corazón non ten sombra.

Gloria Estefan escoitaría a Chavela?
joder Gloria Estefan seguro que non escoita a Chavela e iso que ela sería
unha *paloma negra*.

Gloria Estefan sería *paloma negra*.

Gloria Estefan sería *paloma negra* aínda que se vista de dama branca.

Gloria Estefan quere un *Cubalibre*.

Que será de Gloria Estefan?

Seguirá querendo un *Cubalibre*?

Ron anello branco ou dourado cunha rebanda de limón combinado con
refresco de cola.

Creo que Gloria Estefan debería beber un *Cubalibre* escoitando a Chavela.

Eu bebería con Gloria Estefan un *Cubalibre* escoitando *Paloma negra* ou *Luz
de luna*.

Que mentira. Eu non bebería *Cubalibres* con Gloria Estefan.
E menos escoitando a Chavela.

Porque a Chavela hai que escoitala en privado. Sen compañía.

Gloria Estefan quere *Cubalibre*.

E eu quero voltar a Cuba.

Gustaríame voltar a Cuba pero pasar menos tempo na Habana.

De pequena soñaba con visitar a Habana Vella e presenciar un ensaio da compañía do ballet Nacional de Cuba na sala García Lorca do Teatro Alicia Alonso.

De pequena soñaba coa Habana e aínda non existía Camila Cabello para cantarme

Havana

na

na

Non existía Camila Cabello pero tiña a Gloria Estefan que me cantaba que quería *Cubalibre*.

Coñecín a Gloria Estefan cando quería ir para a Habana.

E eu sigo sen saber se Habana é con b ou con v.

Gloria Estefan sabería dicirme se Habana é con b ou con v.

Pedín o CD de Gloria Estefan cando tiña seis anos.

Cando tiña seis anos eu só pensaba en París, na Habana con b, na Havana con v,
na eterna Giselle interpretada por Alicia Alonso e no *Cubalibre* de Gloria Estefan.

Tamén escoitara que Gloria Estefan mercara una illa fronte a Cuba.

Agora *googleo* Gloria Estefan merca unha illa e atopo que vende a súa casa na Illa das Estrelas.

E agora pasamos de outubro ao Nadal

e non sei se este ano poderei pasar o Nadal coa miña nai debaixo da nosa estrela.

Xa estamos case en Nadal.

Lémbraño o Gadis, o Eroski que teño en fronte da casa e as luces do Corte Inglés da Gran Vía.

Agora gustaríame poder ver bailar a Antonio Gades e non ver tanto turrón e mazapán.

Nin tanta estrela.

A min gustaríame deixar de vez tanta luz e tanta estrela.

Aínda vai calor.

Bendito YouTube.

YouTube déixame volver ver fragmentos do *Amor Brujo* de Saura, interpretado por Gades e borrar da miña vista tanto mazapán e tanta estrela.

Eu estou viva e sinto calor.

Aínda sinto calor.

Quero crer no outono.

Xa case é Nadal e aínda sinto calor.

Eu estou viva e quero e podo ver unha e outra vez *Giselle* interpretada por Alicia Alonso e *Amor Brujo* interpretado por Gades en Youtube.

YouTube lémbreme que estou viva e que aínda podo ver bailar a Alicia Alonso e Antonio Gades.

YouTube lémbreme que sigo viva aínda que o meu corazón non se reflecta en ningunha superficie.

Aínda vai calor, sigo viva e YouTube faime feliz.

Quero bañarme no mar.

Quero bañarme no bar e deixar de buscar a miña sombra.

Quero bañarme nun eterno *Cubalibre*.

Aínda vai calor.

Non quero mazapán.

Esta vida pide outra e eu soamente quero bañarme no mar
e tomar un *cubalibre* no teu bar coma Gloria Estefan.

O meu corpo

no bar

Cubalibre para a gorxa.

Eu tamén quero bailar coma toda esa xente, Gloria.

Eu tamén quero bailar como a túa xente.

gloria, Gloria.

Quero bañarme no mar do Caribe e bailar

e tomar un *Cubalibre* até abrasar no teu bar.





Barcarola do maelström e os dous mares para (...)

A

Que se baila de costas con costas,
dous cristais diferentes que miramos.

Vaite cos pés descalzos
e escualidos ao mar.
Vai mirar as montañas

que se enfrontan

(imposible para este mar, que non se xira aínda,
noutro sen mareas).

E que nada din os dous cristais, as cimas
das súas ondas, das espirais de morte.

Agora a ti acéndeseche un facho que che ofusca as cavidades.
E que che prende os ollos coma buratos negros.
Agora a ti acéndeseche o facho,
remuíño, espiral.
Ollos que sucen canto ves.
Como sucen: luz xélida
que contra isto atravesa
garganta, ollos,
atranca maelström.

A imaxe é a túa na beira,
pés na auga,
baía,
montañas ao final do mar e,
no comezo do océano que marcan,
o facho que poderías ser,
que non só irradia negror,
senón que cunha haste che atravesa o sentido.

Agora ordenan fretar barcas novas para a traíña.

Vai botar as barcas novas para a traíña.

Dun lado que é aquí, nestoutro cristal,
voltan elas do comercio
con arroaces.

Do espazo que se estende entre un e outro,
un silencio de ondas que fican inmóbiles.

B

Que se baila de costas con costas,
que un abaneo dunha a outra ribeira...

Como de cara aos nosos lombos cavorcos centrífugos.

Do teu lado, a barca
que regresa do comercio.
Do teu lado a barca
prepara un leito para te deitares.

O corpo é teu
e succiónase.
Leva a barca o
corpo. Leva
a barca vela,
facho flamíxero,
lapa negada que irradia negror
de contra os remuíños.

Ou de contra os teus ollos que,
do mesmo xeito que sucán, tamén, pode ser,
fan emerxer do cristal illas,
vidro en améndoas,
areosas.

Agora vai amarrar a vela a calquera das fendas.

Así se che prende o facho:
na relinga.

De costas, noutro mar ao que non miras,
que está entre terras que non se ven,
que está tras terra entre mares
(onda-montaña-onda),
consómeste.

Entras en ti por ti.

E á media volta crúzase o continente
e non hai barco. Hai espiral que te traga,
marea que te enterra en peixe da traíña,

non sendo todo, pero estando en todas partes:

habelenciosas as mans.

O mar con fronteiras,

á media volta, coma un grito sen garganta.

Belén Senín

mar aberto

ás veces aínda me sinto como aquela nena
que percorría a praia de cabo a cabo
en busca de cunchas anacaradas
ou pedras perfectamente pulidas
ou diminutos cangrexos que sempre morrían no cubo de volta á casa
e cuxo cadáver pálido que atopaba ao chegar
me ensinaba o erro e a morte e a culpa

cando pos a orella no meu peito
penso se podes escoitar o son do mar
o calmo vaivén das ondas batendo contra o esterno
se che tranquiliza saber que a marea está alta
e os peixes nadan pola aorta
e aínda hai escuma branquísima no corazón

sei que ti me quererás
cando as augas estean revoltas e violentas
e a beira se cubra de plásticos e cristais rotos

quererasme
aínda que teña a cara chea de caramuxos
aínda que teña o corpo todo cheo de caramuxos
e teñas que apañalos un a un
para descubrir as pálpebras
e os beizos
e o embigo
salgados
renacidos

estou segura de que o farás
cearemos xuntos unha fonte enteira de moluscos
e mirándote aos ollos o vendaval parecerá
o suave soprido dun neno
sobre a ferida proe
porque sanda

Benjamín Vidal

Minuta

I

Leitos de follas nas beiras da estrada,
miúdas coma o rego que parte en dous a casa,
compactas como as pedras que manteñen ergueita a casa partida,
sen ramas que as sosteñan, esparéxense co fluír dos coches
igual que co fluxo do tren polas vías tremen as pedras da casa
que o estrondo da corrente que circula por debaixo delas
non dera turbado por estaren afeitadas,
e de súpeto non hai leitos de follas nas beiras da estrada.

II

Un paxaro deita o corpo no corpo dun fento,
bebe del as pingas de chuvia que non lle pertencen
e penso que se un segundo paxaro se pousase a canda el,
cedería o fento e non quedaría pinga que beber.
Pero chega o segundo e deita o corpo no corpo do fento,
e o corpo do fento non cede nin se espaxen as pingas da chuvia
como se espaxeran as follas na estrada e mais as pedras da casa,
e de súpeto alzan o voo e non hai chuvia nin paxaros no fento.

III

Unha cidade feita de pedra fóra da pedra
(extraemos a pedra do seu fogar para construímos o noso),
máis forte que o tren e os paxaros e atravesada de acuíferos,
de leitos de follas e gomos que prenden nas fisuras.
Non é a miña casa pero é unha casa. Non é a casa da pedra
pero é unha casa. Dela é o incenso, o recordo do incenso,
dela é o queixume das campás e a chuvia que non o serena,
os cruceiros e as raíces que levantan as lousas do chan.
Cando a chuvia cobre o ceo, o ceo é a chuvia;
cando a chuvia prenda na cidade, a cidade será a chuvia,
a auga cubrirá os asfaltos e mais os tellados,
reencherá as fisuras que habitan os gomos,
asolagará o rego baixo a casa e a casa sobre o rego,
velará o punto máis alto da torre máis alta da catedral
e a cidade será a casa dos peixes e da roupa que non volve secar.
E de súpeto chove e non hai queixume nas campás.

Coiro

Tenta definir a pureza.

Non a dos pardais nin a do branco do pulso,
non a dos círculos concéntricos nunha masa de auga
que brotan trala pegada do peteiro dos pardais.

Tenta trazar o contorno da pureza que nos fai dano,
a do lume na cabeza do misto, a da estela
que se crava na segunda falanxe do dedo corazón
cando prendes o misto arrastrando a cabeza contra o costado da caixa
coa suficiente forza para que colla lume
e a suficiente delicadeza para que non rache,
a da serenidade dos nervios mentres non se arranca,
a da ansiedade cando non se dá arrancado,
a do recordo da dolor cando xa está fóra.

Niso consisten as mudanzas.

Cando a ferruxe permea na pel e no sangue e transita
polas veas ata que onde houbera sangue agora hai ferruxe,
daquela hai que escoller entre cortar e morrer.

A pureza está delimitada polo tino da man que prende o misto.

Brais Lamela

Mineralia

Entonces regresa a los naufragios, pues son sombra de dioses

JUAN ANDRÉS GARCÍA ROMÁN

I

aquí o gris palpita respiración
aloumiño de quen repousa contra un valado derruído
se o humano é un rastro de pedra entre os graos de verdescuro...

non

fillo

este non é un poema sobre a nostalxia
como ispen as flores cando marcha a calor
como foxe tristemente o verán nos barrios das casas baratas

este é un poema sobre as cousas que aparecen cando as temperaturas soben
e o río seca

II

fillo antes viviamos aquí
polas noites os saltóns metíanse na casa
os vagalumes eran coma parentes que retornaban do estranxeiro polo verán

III

este é o son: a nada
o vento que empuxa formas na brétema
escóitase un shash shash entre a herba demasiado suave para ser cousa

porque somos da estirpe daqueles que non deixaron marca

fillo

IV

coma sombras que corren sobre auga estancada
coma un neno que camiña somnábulo cara a aira e se cadra esperta

V

fillo antes viviamos aquí
pasa o dedo polos muros da corte —olla a cinza branca, a ferruxe

as bicicletas

aquí choveu sen fin e as lonas brillaron negras coma lombos de cetáceo
aquí anegouse a casa e ti choraches porque non querías que morreran os
saltóns fillo

ti sabes que os antigos gregos pensaban
que ao morrer os poetas regresarían á súa terra natal

tornados en saltóns?

VI

os saltóns son case herba
nos gabinetes de curiosidades a miúdo eran clasificados entre os seres
inertes

os saltóns permanecen fixos coma ídolos en ámbar
e de súpeto hai un alustro e choutan coma con furia necesaria

VII

entón, fillo
está é a conclusión do poema:

retornemos

retornemos aos naufraxios

non,

non

imposible retornar aos naufraxios

Celia Parra

Do silencio e o movemento. Tres postais

I -

Sempre que te chamo,
chove
do outro lado da liña.

Unha pinga monocorde e insistente.
De fondo un ruído branco,
coma de árbores molladas bailando o vento.

O teléfono comunica, pero eu
nunca chego a pronunciar o verbo.

A través do silencio, adiviño como a luz che perfila a boca.
Como o xesto treme.
Como as ondas concéntricas da superficie ensanchan
ata esquecer o impacto.

É a túa maneira de dicirme que falar
é agardar
a que a choiva amaine.

II -

No medio da noite,
soidade poboada de grilos,
abanea unha pregunta
no aire.

O seu reflexo,
a lúa.

III -

Un avión enfa as nubes con puntada firme.
Aparece e desaparece
imitando a elegancia elástica do xunco.
Do seu paso, apenas un rastro de estrías
no ceo.

O tempo gandúxanos
sen que sintamos o seu peso atravesar a carne.

Só fugaces engurras
e un lixeiro sabor a chumbo.

Chus Pato

Quen
aquela
á que lle caen os reloxos
todos os reloxos como un Iguazú
e os pulsos e o corazón se lle alumean
como se alumea o tempo
e arden as sombras
A que soa
fala polas vereas
«nada é propio
a vida o amor a mente»
dicía
é alongarse /
encóstase contra unha árbore
pecha os ollos
lembra o bater lisérxico das ás do colibrí
ás augas suplica
comeza a bordar nun tapiz a humidade o verdor
o osíxeno

semella, si, un laio
é o vento
as voces do vento

Sucedeu
de véspera limpabamos as sepulturas
—déixame escoitar as augas
lembrar os amieiros na ribeira
e os prados
e os cabalos—
no verao algunhas tardes achegábame
a fosa dos animais era un burato enorme escavado a ceo aberto
tirábanos alí
miraba a putrefacción
os ósos
se cadra cos corpos dos homes facían o mesmo
se cadra envolvíanos nunha saba para que empapase o sangue
a fosa estaba na parte baixa
contra o pór do sol
habíanos envolver
habían quedar as marcas no lenzo
as balas na tapia
por onde nace o sol
no oriente

Poemas do libro en curso *Sonora*

Estíbaliz Espinosa

| Palabra de Andrómeda |

*If you are a woman and wish to become pre-eminent in a field, it's a good idea
to (a) invent it and (b) locate it in an area either so badly paid
or of such low status that men don't want it*

JOANNA RUSS

Ela? Ela non me escribiu. Non. Foi a auga. A rotación terrestre.
A tradición. Ou a tradución. Ou alguén que fala ben dela. Pero, ela?
Ah, non, ela non. Non me escribiu.

Non me descubriu ela. Co seu ollo en chamas, a súa man a sangue.
Como ía descubrimme fóra de órbita, no cultivo espectral da placa.
Como ía ela observar os raios que ninguén observa!
Co seu ollo a sangue, a súa man en chamas.

Non me escribiu esa man. Non. E de ter sido ela, non son daquela un poema.
Nin moito menos ecuación correcta.
Son outra cousa. Se son dela, algo que non é para tanto.
Copiado ou descuberto por outros. Por eles. Os que valen.
Pero ela, na súa adolescencia? Devorando páxinas e colos?
Ela triangulando o ceo con esa vaxina láctea?
Sostendo curuxas vivas, agrélanlle raíces nas ás.
Mitocondrias doutro mundo que é moi quen de nutrir coa súa hormona.
No seu orondo mes de embarazo, ela... escribirme a min, poema esvelto?
Ela, que vin adormecer aleitando á súa cría, suor con suor,
dente con carne... a min, *paper* tan técnico?

Invisible? Difícil? Pobriña? Boa prologando textos alleos.
Boa curiosa, ela, si. Todo iso, si.
Pero Autora de min como Texto? En serio?


Falamos da mesma Ela?
Lique a invadir o palimpsesto da historia.
Bacteria molesta, flor que non louva o seu ramo.

Non sei, chámaa como queiras.

Debe de ser ela porque é imposible
facela calar.

2017





A Osa Maior era nai solteira Suite estelar nun movemento

al comienzo del libro pongo un ejemplo: la crónica de un congreso de coleccionistas y economistas del arte donde estos recurrieron en múltiples ocasiones a la metáfora darwinista: hay demasiados artistas, es cuestión de saber adaptarse. Sin embargo, el juego está en que al hablar del arte nadie sabe muy bien cómo hacer eso de adaptarse para sobrevivir, con lo que el modelo termina por ser el del emprendedor, es decir, el de la precarización.

ALBERTO SANTAMARÍA

*Nunca coñecín ninguén que se sinta perturbado ao ver
un campo de argueiros de herba idénticos*

ANNIE DILLARD

Permíteme afastar a cámara un momento.

Saír en zoom desta pouca herba ás beiras dunha océana,
unir os puntos que forman a constelación de nós mesmas. Irmás.
Porque doe.
Doe ou non doe tanto como asombra?

Iso pon en marcha o enxeño.

*A estrela polar é a máis próxima ao eixe de rotación da Terra, malia
ser coñecida comunmente como a máis próxima ao Polo Norte. A
primeira estrela á que se fai referencia na historia con tal nome é
Thuban hai 4800 anos, na constelación de Draco. Non Polaris.*

Que significa non poder formar parte dunha constelación? Por moito que queiras. Por moito que unas punto tras punto, astro tras astro. Non se pode. Que non. E entón só che queda escordar as neuronas. Xirar: unha ninfa convertida en osa polos ceos do Norte.

Unha ninfaosa cun fillo varón.

De non ser poeta na fisterra das poetas haberá que buscar outra cousa.
Osmar. Sachar cos ósos da osa. Algo que nin sabes aínda.

Non se pode ser lírica tanto e tras tanto. En realidade, non hai sitio nunha literatura saciada á que se lle saen libros polos ollos. Pero comer hai que

comer. Dar coa palabra non, xa non, hai que dar de comer a osas menores. Direivos un segredo: a osa menor é en realidade un oso. Para outra poeta-osa que aleita, sitio non hai.

O que hai é un cambio de perspectiva.

Na primeira parte da súa viaxe, *Itinerarium ad loca santa*, Exeria escribe: «se pode chamarse molestia ao feito de que alguén vexa realizados os seus soños.»

Os soños desprenden luz. Teñen bioluminescencia, organismos que cazan nas contornas en tebras. Para sentir a luz fai falla un canto de escuridade.

Polaris é unha superxigante amarela de tipo espectral F7Ib-II a 431 anos-luz da Terra. Moi preto de nós. Radio de 45 veces o radio do Sol. Polaris é da familia. Pero non a única. Ningunha estrela o é.

«Señoras miñas, *luz da miña vida*». Así interpela Exeria ás destinatarias da súa carta. Non di algo moi semellante Humbert de Lo-li-ta, luz da súa vida, lume das súas entrañas? A Lolita onde vai que a comemos, as osas maiores. Iso é di-xestión literaria, iso. Non sei se me estades escoitando ao outro lado. Xa non o sei.

Para outra poetosa sitio non hai.

Hai un cambio de perspectiva.

E hai que comer. Comer hai que comer, osa maior e osiños [a osa menor, direivos, son dous osiños]. Para comer cómpre unha escordadura de mandíbula, un incendio que che perdoa a vida. Un cambio de perspectiva.

E iso pode traducirse coma unha viaxe mental que agroma feita un sicómoro, sen moverse do sitio. Sicómoros enramados que trenzan a Exeria —a peregrina, divina turista da *Gallaecia*—, con Annie, a moza que busca a deus baixo un *Platanus occidentalis* nos regatos do Tinker e escribindo ben raro. Vives depois delas e non buscas xa un deus que, total, de ser sería india e nai solteira e seguramente prediabética. Que non ten nada que ver co enguedello de brutalidade e indiferenza e miles de millóns de anos-luz que supón este Universo.

Hai poesía en todo iso. Porque este caldo de mente *sapiens* ve poesía en todo, o moi cabrito, a que si? Pero a ciencia non é poesía. A maternidade a fociñadas pode que un pouco. E a voz fungona da osa? Por onde hibridalas? E mira que o intentas: dende esta furna neurolingüística de *es* abertos, este rego no asfalto, esta árbore afiada coma torre célula de universo.

Ou que quere dicir se non «cambio de perspectiva»?

Unha osa menor [que é un oso] camiña ao teu carón nos ceos, sostén a Polar co rabiño.

Un oco de mercado polo que meter a túa cachola de osa e saír polo outro lado. Non es poeta. Nin escritora. Que lle imos facer! Ningún drama. Terás que inventar outra cousa.

Algo que aínda non existe.

Emprender en precario. Un salto de oitava na voz. Diciáo Joanna Russ: «If you are a woman and wish to become pre-eminent in a field, it's a good idea to (a) invent it and (b) locate it in an area either so badly paid or of such low status that men don't want it»

Inventalo. Que diría a astrónoma Antonia de todo isto? Que saias ventar a noite —e leva pantalóns, muller, abrígate ti que podes—, ver a Vía Láctea que xa ninguén ve nin coñece, como non sexa en fotos. Invisible pero aí.

Coma ti.

A misión Gaia considera que hai máis de 100.000 millóns de estrelas na Vía Láctea, a nosa galaxia. Pero se ben a raíz latina sidera significa «estrela», non se cre actualmente que con-siderar signifique «observar ou contar entre estrelas». Con-siderare- De-siderare. Malia todo a vosa consideración. O voso desexo.

Osa Maior que levas o asterismo do Carro no cu. Turra del para saír deste texto. Que xa non será poema, se aquí non caben poetas. Será...

...dicídeme vós o que será. *Luz da miña vida, señoras miñas.*

Agosto, 2018

Helena Salgueiro

Corren cabalos polas miñas costas, o seu brío impídeme camiñar
ergueita, e hai ocasións nas que non podo avanzar.

Todo o meu ser colmado de brandas horas
todo o meu ser colmado de roibo encanto.

Porque fixen do meu corpo o afogarme nun vaso
cunha beleza quieta e indiferente
e xa me colmei ca última pinga,
adorno agora a estancia
prolongando a agonía.

Aprendín que o xeito perfecto de cuspir mensaxes perdidas
era facelo na penumbra dalgún lugar,
prenderme o lugar no rostro, aliviándome de hóspedes.

Lorena Souto

Sereas

Afunden até a cintura na auga, ao amencer
avanzan
coma un exército que toma o océano

O sal e o frío endurecen o músculo na tensión
do esforzo sobre as cabezas nos ombreiros
o botín dos corpos brillantes arrancados ao mar

Rin e botan contos sobre mulleres híbridas
ao tempo que descargan os barcos
multiplícanse, medran coma xigantes
chámanse a berros mentres resisten o embate da corrente

Despois, desfán o camiño e volven á fábrica enchoupadas
Alí, a cinta engárzaas
como as rodas internas dun reloxo.

Potemkin

Un formigueiro de homes dorme colgado do teito
na profundidade
as raíces metálicas do barco atéganse de casulos
pupas que mal rexeneran veas nervios órganos

Nin o sol nin as comidas
as horas márcanse en quendas
os tempos da carne
o podreecer do alimento abrindo paso á bichoca

e a que esperamos?

Recoñézome
rabia que destila
a ferida do músculo
o lexítimo berro que reorganiza as posicións
e responde ao golpe

Marta Dacosta Alonso

A ti que me devoras...

A ti que me devoras chamareite Saturno
(arrenégote pai)
porque debes saber que ben te recoñezo
na gadaña afiada que portas na sinistra
aínda que te ocultes nunha aparencia humana
e sinales ás parcas, non sei se por culpaldas
ou unxir de xustiza esta morte a dentadas
que nos vai esgazando

trouxéchesme ao presente, camiñei sen queixarme
deixei fluír o sangue, non devolvín os golpes
só crecía e teimaba
e agora devórasme
en tanto te recreas na crueldade suspensa

logo condenarasme cando rota e exhausta
me dea por vencida

eu resisto e agardo
vixío a afiada folla
non será sen loitar

nesta historia real a nai xa foi vencida
atrapada na area do tempo que descende

eu fun asasinada sobre as laxes do templo
mais xa resucitei

oulearei ao albor
até estralar o delicado recipiente da clepsidra
que así resisto, agardo, vixío a afiada folla

non será sen loitar

setembro 2019

Noelia Gómez

a caída ocorre no sofá azul exactamente no punto da primeira vez

que vertixe

no impacto comprendemos que non todo colle na palabra
hai un dicir que só agroma no silencio
suxeitámolo pero temos os dedos furados e escacha
entón pensamos en como reconstruílo sen mans
en como reconstruírnos sen mans

non é a extremidade a que produce a costura
é o alento

este alento

o abandono semella unha cama baleira
estender os brazos
sentir o frío

que trampa

inspiramos para absorber o que persiste
tentamos alcanzar o rastro de quen fomos
pero o onte disólvese como partículas de po
e deixámolo ir

o abandono iníciase no interrogante
é unha picada ante a cal reaccionamos porque doe
—como cravan os ollos que un inverno amamos—

isto non ten que ver coa despedida senón co comezo
o presente nunca se abandona
remata

hai sinais imposibles de borrar
como quen escribe un nome nunha pedra
así letras impresas con permanente no corazón
aprender a respirar en cada pronuncia
deixar que vaian mudando a orde
que cheguen novos sons para alimentar o músculo

na carne tallados cada un dos rostros que un día foron tinta

Oriana Méndez

Refírome a un dezanove de maio,
o momento en que outras latitudes
anunciaban unha
nova chegada do verán, aquí
aínda continuaría para nós esta
existencia na prolongada estación
sobre a neve

Falo dun tempo fríxido, cimentado contra
a luz e fronte á sede, diante de calquera
forma de claridade incluso daquela
aresta ou fulgor que queira emerxer a
través das coseduras da argamasa destes
muros, desta muralla da noite
para que non pase o día, para que
se erga
o inverno

entre a infancia, como entre
as montañas, que non
filtre a razón o seu peso e a
súa capacidade de fundar un
exército de estrelas, constelación
de parias

Como describo, así é como
laceran as probabilidades de
tomar o mecanismo que permita
abrir, que conceda a organización
das mancadadas para tatuar
nos ollos
os confíns da nosa fame común

Refírome a un dezanove de maio
as campás acendían as horas desta
cidade maltreita que se fixo xa
inventario de lesións
que se encontra

na agulla do compás que non
menciona o norte
perdido setentrión para unha metrópole
resgada por varias partes
e con el, nubradas as aves
sen punto de partida
confundidas no camiño antes sequera
de elevarse
cerebro que se embarulla sen
saber dende onde comeza o tempo e
cando caen as preguntas

Hai unha agulla de marear que se volveu
espiña, que non indica
o horizonte
recto, que serve só
para pórse coma frecha
directa ao
ollo mesmo da man escaldada propiedade
de quen frega a louza privada ou allea
cuxa posesión se limita a esas
mans feridas, a esa
calor incesante de corpo
expropiado

Cunha esperanza antiga perdurando
nas tempas
Así se esculpe a nosa calcinada
rosa dos ventos, rosa

Permanece e vibra a visión das moscas
dos corpos que emanan ebriedade pola
porosidade da usura, o lucro
coma unha pel que filtra os restos do
organismo e os seus espasmos, coágulo
de residuos onde brota a humidade para
producirse a luz funesta
do beneficio

Que se constitúe o proveito particular
como algodóns que arden sobre os meus beizos

No territorio da guerra, está todo o que enferma:

un amencer revelando plástico entre
os nosos corpos, a praga e as augas impuras
descenden o camiño da pel coma os líquidos do
cerebro sosteñen a vida
a infecciosa tormenta que contaxiou os mares e
a chaira para sempre:
a extensión de neve sen medida volvéndose
para sempre chaira de neve corrupta

Isto é, de novo,
a couza deste século que nos leva roído
o alento e a musculatura

Hai unha voz que emerxe fóra da penumbra,
advirte:
«Fuxe, envorca a herba, se é posible, envorca
se é posible o amor sobre a morte»

Só hai memoria dunha
orfandade constante de luz


Do libro inédito *O corazón pronúnciase extenso*,
V Premio de Poesía Rosalía de Castro do Concello de Padrón.

Ubi sunt?

*Nulla dies sine linea*¹

Cando a idea estoura
contra o litoral
da fonética,
traba o vento
tombos
de música falada.
Balbuce o poema
un simulacro
de notas sen norte
buscando o seu ton.
O verso ergue
polisemias
ante o horizonte
da metáfora,
pentagrama panorámico.
Navega a estela dos grafemas rumbo á éxtase,
coda e peirao.
Trala pantalla da paisaxe
renace a túa danza,
único motor
do meu (im)pulso
ao escribir.
Nulla dies sine linea.

¹ Expresión en latín atribuída a Plinio O Vello.





*Nihil novum sub sole*¹

Coma unha pianola
sen portas á espiral
hai tres décadas que reproduzo
rolos perforados de palabras:
dentro, fóra; fóra, dentro,
a murmurios,
entoando;
berro seco ata quedar sen voz.
Desprego compases de versos
coa cabeza entre os dentes,
papel a través.
Quixera descarrilar
o mecanismo lingüístico,
as olladas lectoras,
a manivela do maxín.
Mais...
Fico encerrada entre os barrotes do pentagrama
e se ninguén me entende
nunca poderei fuxir.

¹ Expresión latina presente na *Vulgata*.

*Ars longa, vita brevis*¹

Sen xénero
podo vestir
a identidade que se vos antolle,
en calquera intersección. Cruz e raia.
Nómade
habito a corda frouxa
da mudanza,
sobre o carrusel
dun presente continuo,
pasarela trans.
Son fiel
aos beizos
que me queiran oír;
a nosa mestura desemboca
fogo, cuspe e palabras
neste accidente vital;
metáfora carmesí,
somniaíbulo paradoxo.
Transfórmame
a ollada carnal de cada catarse:
o meu «eu lírico» sodes vós.

¹ Tradución latina dun aforismo grego cuxo autor é Hipócrates.

*Et lux in tenebris lucet*¹

Na nebulosa
da conciencia que nos une
a materia do meu corpo
sacode, danzando,
o po cósmico
das túas ideas.
Ilumino, dentro do noso maxín,
a música dun movemento imposible;
coreografía ronsel
do verso estrela. Tan fugaz.
Entre o pentagrama dos anos luz que nos separan
brincamos á teoría de cordas
e bailamos o funámbulo deste abrazo
por toda a eternidade.
Et lux in tenebris lucet.

¹ Expresión presente na *Vulgata*.

Sara Villar Aira

Quereres

quixera morrer

no azul que se abatuxa contra as pedras
onde non poderían nin sequera
verme por derradeira vez tal e como fun

non estaría máis fermosa ca nunca
mais gardar da vida
sería máis perigoso que perdela

aí sería o que atrae da tormenta
que non é a calma
senón a violencia
que se respira ó seu remate

mais
 se a morte non se escolle
mentres

querería vivir
 sempre
na humidade
dos teus bicos na caluga

sermos intensas
 perigosas

e vivir coa pel de pita
sen necesidade de ningún precipicio

Serxio Abalo

*Todo lo que al cuerpo golpea regístralo el idioma y su laio
es un rastro sonoro que dura, más que el tiempo y más que su dibujo.*

Zoa como plomo la idea varada, embarrancada, da en el cráneo, mata.

LUZ PICHEL

*Thou hast committed –
Fornication: but that was in another country,
And besides, the wench is dead.*

THE JEW OF MALTA

Xa estás aquí, neno de colorette. abre os olliños. mírame ben. algún día
falarás preso da liberdade. loitarás polos teus dereitos. berrarás consignas
na curva do ideal a través do baleiro da palabra. pero xamais poderás fuxir
de min, pequeno paxariño. do meu teto a boca coa que escribes. o leite de
mercurio que acocha as túas ás:

voa

voa alto

aló aldraxarás a miña superficie dourada
danzando trencos a cadencia da ave outra materia abrollará

porque tu só es de min o home que temos

As tropas de nós avanzan, padre, onde o ventre desaparece
ou se pendura dunha idea como crime en reiteración

Na parálise da boca dedos suxos indican a ruta
Escaleiras infinitas cara ao estómago liña de cadril e memoria
Conduto de cristal baixo a pele parábola de tu esta ansia
Segregando metálica as glándulas que dislocan dentro
Amas de cría ou cadáveres
Quenturas desprazadas

Escoitas o ruído
o eco astral deste corazón?

que estende o acubillo desprazándote madre partes en dous desprazando
as cousas do día a idea o leite de teto de tu víveres do nervio calado
na cabeza
que escoita escoitas? tu que les
cadelo!

dúas variacións sobre a visión dun poema

unha muller cun vestido azul dentro dun cadro reflexiona sobre o que o poema é

o poema é a ollada que se pousa sobre min, a ollada que se emociona ao pousarse sobre min por vez primeira, o poema é a primeira vez que alguén transita. o poema é a luz sobre o mesado esta tarde: o mel, un tarro baleiro, as castañas dispostas para a noite; o poema é a luz. o poema é un lago, o seu abandono, unha mora dentro dunha casa sen memoria dunha aldea sen memoria, os grans do froito esquecidos, desterrados da noción de cavidade. o poema é a brisa contra este vestido azul, a gasa a ondular contra a pedra, os brazos recollidos baixo o ventre, tanto peso. o poema é alguén que escoita, alguén que observa alguén que escoita. o poema é unha lingua a pronunciar: a linguaxe é unha totalidade que engana. o poema é unha lingua a bater na linguaxe. o poema é un xesto, un diálogo da historia. o poema é un vestido azul.

Hélène Jégado

observa

a ondulación da gasa sobre a pedra, os brazos da rapaza arredor do ventre como a protexer unha reliquia, como a conter os corpos que despois da guillotina alguén dispuxo sobre a praza en exemplo: así dialogan o azul e o sangue.

alguén bisba *Hélène* para que ela tamén forme parte desta historia e a asasina en serie dos pasteis de arsénico fai a súa aparición para ofrecernos unha delicia, mais nós só observamos, lembra: non pronuncies.

o edificio combustiona e a rapaza do vestido azul dá en correr. atravesa tantos corpos sen lumes, incontables corpos que non saben pronunciar *arquitectura*, corpos que só din *corpos*, corpos que só din *rostro*, corpos que só din *praia*, que só din

observa

a fuxida, os corpos intanxibles tan carnosos, tamén cadáveres para o exemplo. a historia desvela un pensamento e quen observa elabora.

Só quedan as preguntas

Non sei cando te matei. Por máis que busco na miña cabeza, as lembranzas aturúlanse.

As mans erguidas nunha atracción de auga. As viaxes en coche exactamente a 60km/h. Ducias de reloxos detidos. Como a nosa relación. Ás veces creo que nin lles demos corda, nin lles puxemos unha pila malia a nosa ansia por que desen sempre a hora exacta. O segundo axeitado. O minuto oportuno. Niso parecíamonos. Que as campaiñas e campás tocasen ao mesmo tempo, sincronizadas, puntuais. Sen saír do guión? Mais, que facer se ocorre iso? Eu sempre estiven fóra. Desde antes do comezo dos tempos. Do meu tempo. Quizais nunca soubeches encaixarme entre as fotos enmarcadas. Probas dun momento que existiu pero que non compartimos.

Aprender a ler e a escribir para poder observarte mellor. Cifras e letras elegantemente encaracoladas. Exactas coma unha suma. Coma un bico na meixela. É curioso. Intento facer unha listaxe de recordos bos: todo está cuberto por unha marea de néboa que asolaga sen compaixón o noso mundo. Entón navego sobre ela e vexo que quizais foi nas letras onde vin máis cariño. Entón, por que no presente? Por que agora, que poderíamos ter un cruceiro de encontro, te matei? Dáme medo perder as lembranzas. As boas e as malas.

Quizais non debería buscar aí. A mente é esquiua, non como as probas físicas que podes tocar, cheirar e, incluso, botar á boca.

Intento atopar un momento de inocencia: un bar inventado; uns zapatos debaixo da mesa do comedor. Trato de recordarte a ti e só me veñen á cabeza elas. E con elas torna o enfado, a desilusión, a tristeza. Cando comecei a xulgar? Dun xeito implacable. Sen piedade. Sen venda. Sen xuízo. Sen saber se estaba ben inclinada a balanza.

Unha cociña de ferro. A carne asada dentro da pota. Un sofá afundido. Minutos de indios e vaqueiros. Un bastón pousado. Unhas gafas sobre as que ver o mundo. Sobre as que miralas a elas. A min. Un xornal. A colección do xornal. A sabas, os panos, os calcetíns pasados polo ferro. Escaleiras que soben e baixan e renxen e esvaran. Unhas copas que converteron en rutina os brindes. Chíos de coitelos coa banda sonora televisiva. Unha máquina de coser semi-esquecida, cuberta da ferruxe das palabras. Chaquetas para espantar o frío: o de dentro e o de fóra. Aí estaban os obxectos.

Non sei as veces que te matei. E a tristeza non veu coa morte, só a ira. Non a ira por me deixar, máis ben a ira por non ter estado. Quen expulsou antes a quen?

Véxome no tanatorio, cada trazo do meu ser reflectido no cristal. E non son quen de recoñecer a miña cara. En que etapa do dó estou? Ao outro lado ti... descansas? Agora a túa cama é un féretro rodeado de flores brancas, clásicas, asépticas. Gústanche? Gustaranlle á Morte? Flores para quen non está. Recordos entre risos e bágoas. Saberei que recordar? Lembrarei o mesmo que a xente que se achega? Tereinas vivido dun xeito activo? Dun xeito pasivo?

Logo miro ao redor. O meu rostro en cada pupila. Imaxes acusadoras? Por estar demasiado ben? Por estar demasiado mal? Que se agarda dunha persoa que vela, diúrna, a quen morreu? A quen matou? Unha máscara tras o termo *shock*.

Pésames e pesares. Loitos de vida ao redor da Morte. Pero que foi da Vida? Entón culpote. Coma un búmerang a culpa torna e golpéame. Por que non dei eu o/os paso/pasos? Por que non percorrín ese camiño cheo de curvas, fochancas, costas, beiras sen rozar, pontes caídas, asfalto sen pintar?

A ira. A ira levoume polo camiño fácil. O camiño fácil da Morte. Porque tras ela a Vida segue o seu curso. Canto cambia? Cambia? Que somos despois?

Non son quen de lembrar cando decidín matarte. Supoño que esa chamada foi o detonante. Ou máis ben a explosión que te borrou. Ou polo menos intentouno. Supoño que confundir un teléfono é algo habitual, normal, que lle pode pasar a calquera. Mais confundir unha voz... Voz que se viu obrigada a ter que inventar unha vida allea só para gozar uns minutos máis da túa presenza. Mágoa que despois só quedase a sensación de que non querías achegarte á miña vida real. Non foi boa cousa.

Logo viñeron as comparacións tan odiosas. Porén, dediqueime a facelas e non saímos ben delas. Contos non contados. Debuxos non debuxados. Xogos non xogados. Silencio. Observar. *Un, dous, tres, acocho inglés sen mover as mans nin os pés.* Nin a alma. Nin os pensamentos. Quizais non nos molestamos en entendernos desde as nosas cadeiras feitas de orgullo, que a todo lle daba a razón.

Ensináronme a querer. Ao comezo era un querer egoísta. Todos os amorodos para min malia que teña que camiñar entre silveiras. Co tempo aprendín a estendelo como a chorima se expande pola montaña. E ti eras esa matogueira de carqueixa que destaca entre o amarelo. Creo que nunca soubemos querernos. Nin sequera entendernos. Ao mellor nunca fomos o que esperabamos ser para a outra persoa. Expectativas sen cumprir. Soños

que en realidade nunca foron soñados. Cando comezou a decepción? Cando caeu o pano que cobre os ollos da infancia?

Fichas de dominó. Maquetas e quebracabezas. É curioso compartir afeccións que nunca chegamos a compartir. Ou é outra lembranza que o enfado eliminou da miña cabeza? Ao mellor teño neuronas murchas coma esas follas que se negan a caer no outono e, cando caen tardías, só provocan que esvares. Que te manques.

Quizais un dos problemas estea na obxectividade dos obxectos. E a súa alma? E a túa? Quizais foron quen de atrapala mellor ca min. Ao mellor foron eles quen te secuestraron. Ao mellor fuches ti quen secuestrou a Vida. Fotografías de familia. Fotografías de viaxes. Fotografías. Fotos. E detrás que hai? Ás veces xa non sei se os recordos son reais ou están feitos do que me teñen contado. Fotografías dun álbum que non sei se teño vivido.

Candeas que fuxiron nun suspiro. Candeas que nunca se chegaron a prender. Candeas que se acenderon ás agochadas. Candeas que se desfizeron antes de ser apagadas... Sempre aseguraches querer vivir máis que o propio tempo. Porén as ausencias petaban na túa porta. Todo o mundo as botaba en falta, mais a Vida seguía, sen pestanexar, sen deterse por ninguén. Por ti tampouco. Entón nadabas en mares tintos que te devoraban, aínda que a ti semellaba non importarche.

Agora, desde o hospital, onde o teu corpo descansa sobre sabas impersoais e os teus pulmóns respiran ao ritmo que marcan as máquinas, láíaste. De que te laias? Do que fixeches? Do que puideches ter feito? Do que deixaches de facer?

Eu obsérvote e tamén me laio. Pero de que? Do que nunca dixen e debería ter dito? Das ausencias? De que o tempo non volve atrás e xa non hai nada que facer? Poderíase cambiar algo de ser posible? Non as teño todas comigo.

Agora que o teu corpo loita por seguir aquí pregúntome en que momento decidín matarte.

Aquí, no sitio do corazón

O verán agancha pola fiestra camuflado de primavera. A herba está longa, irta, embravecida, pois non queda ninguén que coide dela. Verdea a pesar das altas temperaturas, contra todo prognóstico está sobrevivindo á seca. Eu tamén. Esta calor húmida enfuréceme, e a súa ausencia, entre lusco e fusco, ponme alerta. A escuridade dáme medo. Coma un gato, pando as costas á agarda dunha ameaza indefinida que nunca se materializa porque só existe en min. Eu son o verdadeiro perigo. Os meus sentidos xa non son meus, *externalizáronse* nalgún momento impreciso no curso das pasadas semanas. Durmo pouco, esperto exhausta, pregúntome se acaso laio en soños. Temo estar a perder a cabeza.

Sento á mesa da cociña cunha cunca de cereais. Estendo o brazo esquerdo sobre o taboleiro de madeira basta e entretéñome repasando os nós coa xema dos dedos durante un instante. Apenas uns segundos: a miña paciencia vai minguando. Non son zurda, esa é a miña man inútil, a desaproveitada. Mentres a observo facer, un apéndice autónomo, detecto en min un certo enervamento do que non consigo localizar a orixe. Angústíame esa axitación inmotivada, polo que tento distraerme removendo o leite coa culler e observando os vórtices que se forman na súa superficie. Cargo unha cullerada de flocos amareentos e érgoa, aproxímoa á boca ao xeito de quen abicada un inválido, un neno; de súpeto, pesa tanto que apenas consigo atinar co buraco para baleirala dentro. A man dereita converteuse en pedernal, négase a obedecer: estou perdida.

Floto, levito, o meu corpo está a disolverse. As extremidades formíganme e rebélanse contra as miñas ordes. Quixera comer pero o tremor aumenta. Póño-me de pé, abro a porta do xardín. Non son quen de identificar o que me pasa. Onde foron as palabras? Busco aire con desesperación, trágoo a papados; son un peixe varado sobre a area dunha praia esquecida. Tento respirar fondo, mais os meus pulmóns semellan enfraquecidos. Pregúntome cal debería ser a súa capacidade. Non o sei, non o sei. Hai demasiadas cousas que descoñezo. A tráquea estreiteceuse e o osíxeno chégalles en doses mínimas, as súas paredes adquiriron a textura da cortiza.

Pecho a porta e sento, a cunca de cereais agarda. Sinto náuseas, empeoro. O mellor é que descanse, decido. Subirei ao meu cuarto. Antes, debo gundiar

esa pasta de leite polo vertedoiro, recollelo todo, borrar calquera rastro do meu malestar. Actúo por instinto, maquinalmente. Eslavo os cubertos e atino a pousalos sobre o trapo de algodón que hai no mesado. A miña eficacia é sorprendente. O esforzo, porén, déixame sen enerxía. Arrastro os pés coma unha ánima mentres cruzo o salón en dirección ás escaleiras, titubeando. Lento, moi lento. O corpo pésame tanto... Aférrome ao pasamáns, recupero folgos, o meu respiro vólvese atropelado. Pouso a man sobre o óso do peito e este devólveme unha dor difusa: a da carne mazada.

Déitome sobre o cobertor, no lado dereito da cama, que é o meu. Alí onde poida que unhas horas antes durmise a sesta un gato. Estírome e cruzo as mans sobre o peito. Enmagrecida como estou, asáltame a imaxe do meu propio cadaleito. Son a Ofelia de Millais aboiando nunha colcha floreada. Pecho os ollos e tento poñer orde no meu pensamento, nos meus síntomas. É un infarto, non é, é; quen sabe. A suxestión lévame a detectar unha tensión crecente no bíceps do brazo esquerdo. Fágolle unha masaxe para relaxar o músculo, quizais funcione. Entón lembro que, de nena, acostumaba fregar o ventre en círculos concéntricos para conxurar unha mala dixestión, unha mala menstruación. Encoméndome á intuición desa técnica. Describo liñas imaxinarias arredor do embigo, grandes, pequenas. Probo sorte. Mais o malestar persiste, e eu dou en pensar que non hai remedio: vou morrer, soa, en silencio. Asáltame o medo á morte, e por iso rezo. Posto que hai anos que perdín o costume, cústame atopar unha oración adecuada. Esquecín o catecismo por completo. Réndome: non coñezo xa ningunha enteira. Repito fragmentos do credo e mestúroos coa salve confiando en que sirvan igual. Iso é o único que podó ofrecerlle a Deus, terá que conformarse.

O milagre, porén, non se opera e a molestia volve unha e outra vez. Nunca se me deu ben a enfermidade. Seica teño o limiar da dor moi baixo, os meus nervios non a toleran. A mesma idea do padecemento faime dano. Sufro pensando en sufrir. Preventivamente. Por iso reacciono dun xeito tan pouco eficiente. As miñas solucións son medievais, instálome na superstición. Móveme unha fe da que carezo e non a razón, da que presumo.

Permanezo así, inmóbil, durante un anaco. Confío en que a quietude sosegue a miña mente. Non quero facer ruído para favorecer o seu descanso, mais é inútil. O cerebro adiviña as miñas intencións, que tamén son as súas. Pola fiestra aberta non entra brisa, só unha calor innecesaria. O abdome latexa

baixo as xemas dos meus dedos a un ritmo bárbaro. Poida que teña o pulso dislocado. Levo un *alien* dentro de min que pula por saír ao exterior. En que momento cobrou vida esa rexión do meu corpo?

Inspiro, expiro, inspiro, expiro. Sotelo. Reproduzo patróns tomados dalgunha sesión de preparación ao parto á que xamais asistín. Concéntrome na cadencia do alento que entra e sae, manteño os ollos pechados. Permanezo así durante un tempo indeterminado. Creo firmemente nos círculos e nos exercicios de respiración que me protexen. Cando a axitación descende, vai remitindo, confíome e deixo marchar os pensamentos funestos. Xa pasou, xa pasou. Estou viva.

Invádeme o sopor, resístome a el. Temo que sexa o disfrace da perda de consciencia. Porén, éme tan necesario o repouso... A piques estou de caer rendida cando... bum! O meu corazón pega un pulo no peito, un salto mortal dentro da caixa torácica dorida. Sobe e baixa coma o disco de metal impulsado polo martelo do forzado nunha atracción de feira. Sinto a súa acrobacia como a reviravolta dun feto no útero materno. Bule no meu interior e non son quen de controlalo. As bágoas escorréganme polas meixelas. Teño un feto no corazón. Un corazón-feto.





Solpor

Góstalle este patio e máis nun día de calor. Abrir a ventá e descorrer as cortinas da ducha cronométranlle os días e neste Nuria abre as ventás por derradeira vez e respira. Recoñece os mesmos marcos brancos, cristais e volume de cousas baixando polos tendidos de roupa ata o fondo do foso, onde nunha cafetería con terraza unha parella de mulleres conversan en alemán e unha nai e o seu fillo, un home loiro entrado en anos, comparten un biscoito en silencio.

Decidiran compartir piso xuntas por un remorso que lles quedara ás dúas no ano anterior. Naquel curso decidiran ir alugar outro lugar con amizades e separarse no día e na noite. Xuntas dende sempre, entreteceran no íntimo unha amizade ao xeito do niño de pombas por riba da ventá de Nuria. Hoxe mira arriba e non ve ningunha. Antes de marchar para a casa dos pais, no día en que estaba a recoller as cousas máis grandes, o seu ano repartido en caixas de cartón, mirou alí e tampouco as viu. Seguramente as pombas morreran ou emigraran. Nuria non sabe se migran ou non, ou se serían as mesmas que a acompañan nos recordos das terrazas e nas mans de Teresa, cunha fobia tremenda, facéndolles aspaventos e tentando beber a súa cervexa. O seu niño, pensa Nuria, sen apartar a mirada do escaso anaco de teito que se ve dende a súa posición, seguiría alí ata desfacerse aínda que a casa cambiara de donos e o seu piso de caseiro. Nuria pensara no feito de vivir alugada, na hipoteca dos seus pais e nas pombas; ela coma unha caseira coidadora e invisible, a darlles pan na Alameda. Todas as pombas, todas as aves, semellan as mesmas.

Non tiña tempo de pensar que grupos de amigos ou que parellas ocuparían os cuartos nos que volve quedar a pintura branca e o gotelé ou nas persoas que pasaron as mans pola mesma rugosidade anos atrás. Igual que as mans da súa nai e as casetes e unha infancia a interferencias no Seat vello axustando a radio. Vaslle cambiar a radio?

Si, voulle poñer unha das que teñen *Bluetooth* e todo, para conectala co móbil.

Cantos anos tiña esta cousa?

Máis de dúas décadas seguro.

Os mellores recordos de Teresa e Nuria estaban no Seat vello fóra das peaxes da AP-9. Creceran nese coche vermello de camiño ás festas, de volta do instituto e nos nervios da Selectividade. Unha das poucas veces que, Nuria

ao volante, puxeron a máquina na autoestrada foi a derradeira na que Teresa arranxou o pelo no espello raiado do copiloto e se meteu nun avión a Múnich. Múnich, o doutoramento e o alemán serviran de escusas para rachar as tres incógnitas de Nuria e Teresa ata a data: as mans, a precariedade e o medo.

Nuria segue a mirar hoxe pola ventá. Por detrás do tendedeiro que os dos pisos turísticos fixeran nunha parte do tellado do edificio de enfrente vése unha das torres da catedral de Compostela. Teresa, pensa, aceptou ir por medo e nesa viaxe pola autoestrada foi a primeira vez que a viu tremer. Porque Nuria sentíase culpable de facer agromar naquela rapaza de rizos e pelo curto as mans do medo. Como a rugosidade deste gotelé que xa lle proe mais mantén unha man nel. E este medo entra tan de fondo como o ruído dos garfos, cuncas e vasos, bebidas e burbullas da cafetería que se perden no patio minúsculo. Cando fora a primeira vez que camiñaran da man pola rúa? Seguramente de nenas, aprenderon das mans dende nenas. E cando a primeira vez que aquilo chamou a atención? Na facultade, nos encontros naquel parque e no pan aos paxaros, tendidas embaixo dun ginkgo de follas orientais, unha cama amarela que conforme ía desaparecendo anunciaba a chegada da calor.

Hoxe Nuria pensa que vai chover, pola calor pegañenta e por desexar máis ruído. Escapar de Múnich, de Teresa e do medo con máis ruído, moito máis balbordo, de persoas e cousas. Nunca escoitara tanta radio como dende que quedara soa no piso. Coa ventá aínda aberta remata de empacquetar as cousas e barrer o po que quedara da mudanza, ademais de deixarlle ao caseiro unha nota sobre o butano e a caldeira. Neste mesmo día despedírase da facultade e das flores amarelas que agromaban ao pé das ventás.

Tivera que estalar hai dous anos, o ano no que as formas de cada unha entraron en confusión e todo comezou a ter máis sentidos dos que podían gardar nos petos ou agochar embaixo das novas mantas e prendas, libros e historias de noite. Unha das primeiras en sabelo foi unha alemá. Como as que estan a disfrutar do café esta tarde abaixo, no patio, igual de loira ca elas. Seus pais fixeran amizade durante unhas vacacións cun matrimonio de anciáns afincado preto do Porto e eran moitos os veráns que as dúas rapazas baixaban no Seat vermello facerlles unha visita. A muller maior, naquela cociña enorme, só puido dicirlle a Nuria algo a medio camiño entre o alemán e o seu idioma e unha man no peito. O de hai dous anos foi tamén o último verán do que tiveron novas do matrimonio loiro, que deixara de contestar ás mensaxes da súa nai e había tempo que non collía o teléfono.

Nuria volve mirar o patio. O día que llo contou a Teresa foi cando ela tomou a decisión daquela longa estada fóra. Nuria volve pensar nas flores amarelas, agora secas, e repítese que oxalá chova. Nos meses que quedaban

deste último curso, Santiago volveira ser un novo piso, unha nova factura e unha nova compañía eléctrica. Ela podería cubrirse con toda a maquillaxe do mundo, falar e festexar con Alba, Gabriel, Xandre ou Xan e darlle cun sombreado lila ou negro cor de noite ás mañás, cada vez máis longas e con máis radio, e cubrir con esa maquillaxe as caras grises do decanato e o que sería o seu lugar de traballo o próximo curso se lle concedían a beca. O día que llo contou a Teresa, que lle contou o que lle proe, foi o mesmo día no que a man lle foi apartada. O día que llo contou a Teresa foi o derradeiro día do Seat vermello e de Teresa no asento do copiloto, unha semana máis tarde, cando subiu no avión.

E é que, pensa Nuria ao pechar a ventá que da ao patio, mentres as alemás pagan a conta do café, como explicarlle ao pai un desexo que racharía cos días de sol, de toda a familia xunta na Lanzada? E á nai? Viu a través dos cristais do cuarto, á fin, o solpor. Non ía chover. Aquel solpor remataría con toda a calor da terra.

Como explicarlle o grande segredo a unha irmá, á súa irmá, a Teresa de rizos e pelo curto, a que marchou a Múnich por medo, que estaba namorada dela?

O barco Galicia

A Elís, por todo

Era rapaz, pouco máis ca un neno, escaso recordo daquela fraternal reunión de familias, non sei cantos fomos da nosa, poida que as miñas irmás pequechas quedaran na casa dos avós, e do xantar ou cea menos: os camareiros de branca librea e uns espárragos nunha gornición; polo insólito do lugar lémbrome ben que fora nun barco, o Galicia, que pasados uns meses acabou no ferrancho.

Sendo máis preciso, foi unha reunión de homes acompañados das súas familias, homes que anos atrás traballaran xuntos. Os antigos compañeiros, que estaban pola metade e apenas gastos pola vida, recoñecíanse, daban comedidas puñadas nos abdomes con exceso de peso, exclamaban *Son cuspidiños a ti*, ou *Que guapa, como o calabas!*, tocaban as cabezas marcadas por precoces alopecias ou palmeaban ruidosamente os ombreiros, todo moi teatral pero medido, reecendo á espera das respostas dos outros e nada seguros de comportárense co axeitado proceder. Todos uns perfectos animais sociais que noutro tempo foran grupo ou manda.

Coñecía ben algunhas das historias destes homes xa que meu pai nos contara dos seus días embarcado, e sobre elas, periodicamente, pasados meses ou anos e co pretexto de calquera comida familiar, tornaba con nostalgia: a do abnegado capelán que intentaba afastar, cando fondeaban en Cidade do Cabo, á mariñeiría do pecado da carne mediante excursións, pero como esta adoecía por visitar os bordeis, frecuentando algúns tanto as mancebías que regresaran á casa coa saúde crebada e sen cartos; das redes a rachar do moito peixe que entrallaba; da necropsia realizada no navío a un león mariño, animal que, segundo o meu pai, fedía de vivo e canto máis de morto; a do pingüín pillado nas augas austrais que en Vigo ficou como mascota do practicante do barco; das veces que presenciou malleiras da policía branca ós negros, os bares por razas, os traballos de matalotes dos africanos e as enormes porras madeireiras da policía branca en *shorts*, a incapacidade da xente negra para organizar e, por iso, o necesario goberno da elite branca nunha terra rica en diamantes e ouro; a súa amizade coa dona dun cabaré, que lle mandaba o seu coche co chofer ao porto; o seu traballo fileteando pescada; o ben mantidos que estaban polo cociñeiro, que día si e día non, preparáballes á prancha mero ou lagosta...

Destas historias nada oín na reunión, algo falaran moi vaidosos da Cruz do Sur, do paso do ecuador e o océano Índico, de ondas de sete metros e mareos, exóticas terras e a Montaña da Mesa, dos beizos dos babuínos e dos crocodilos capaces de aguantar dous anos sen comer, o barato do alcol no porto de Cidade do Cabo, Capetón ou *Cape Town* (conforme a fala de quen a nomease), de troulas buliciosas con moita camaradaría, das esgotadoras quendas procesando o peixe, pero todos calaran as súas alladas. Algo tamén aprendín de cosmopolita vocabulario racial: os *africáners* ou brancos descendentes de holandeses e os *coloreuds* ou mestizos, pero nada comentaran do infame réxime de segregación por razas ou Apartheid.

A súa estada no barco deixou algúns obxectos na nosa casa: dúas tallas de orixe africana inequívoca, moi bonita e elegante, en madeira negra, a da muller cun aquel á Virxe, outra dun esvelto antílope, unha inmensa pel de crocodilo para facer zapatos e bolsos, uns coches de xoguete a pilas mercados na tenda dun hindú, fotos de meu pai con compañeiros tomando o fresco na cuberta do barco. Aínda que co tempo algúns obxectos foron desaparecendo, os coches roubáranllos uns tunantes un día que os baixamos á rúa, ou sufrindo a natural deterioración, por algunha sorte de maxia ou simpatía os superviventes nunca foron apartados, a Virxe dun golpe ficou nafra perdendo o seu encanto, o bóvido extraviou as súas cornas que foran substituídas por pauciños de limpar os dentes, e da pel do crocodilo para bolsos foran caendo placas córneas e grosas semellantes a escamas.

Gusto da definición do dicionario da palabra consciencia, *coñecemento reflexivo que cada un ten da súa existencia*, e penso que ningún deles tomou conciencia de ser pioneiros en esgotar os mares, da depredación sexual da que tanto gozaron, de que estiveron en África e empaparon de racismo. Eles non a atangueron, pero eu si, e este escrito non llelo dedico a eles, á xente do buque factoría Galicia, noutrora orgullo do país.

Ás mulleres e aos africanos, por máis que lles debamos.

Moncho Iglesias

O oso de peluche

No momento en que morrín, oín a meu pai dicir que a última das miñas bágoas non secaría ata que topase a arma da bala que me matou. Nese instante, arremuiñáronseme na cabeza, a modo de diario, as imaxes do meu proxenitor.

O oso de peluche que afogou no sangue da miña morte fora o seu último agasallo de aniversario. Había tempo que non recibía un regalo e talvez por iso a ilusión fora tan grande. Chorou da emoción, e tantas bágoas escorregaron, que na barriga do oso quedou un puntinho para sempre; ese que inventamos sería o seu embigo.

O tremelicar dos meus ósos, que semellaban separarse do corpo, lembroume o daquel can que trataba de pulir os deses que xa nós limparamos, aquela noite na que celebrabamos unha cea con carne. Alí soñamos unha caseta para ese can, con cuncas de auga limpa e mesmo almorzos con carne.

O rego do meu sangue, a estenderse ao meu redor, era coma os charcos que se formaban na casa e que calquera tecido podía absorber. Fóra, as poceiras confundíanse coas nubes e o silencio co sangue que, nese mesmo instante, corría por outras partes da cidade creando novos camiños e rueiros para futuros turistas e xornalistas que habían ilustrar a nosa dor con salarios de vacacións pagas.

Axiña se conxela o sangue que non corre, como a auga das billas da casa. Entón repítense os golpes do meu pai contra o meu peito e contra as tubaxes. Maldí e berra. Peta contra a rúa e contra os azulexos. Daquela chega xente, chega a miña nai. O meu peito e as tubaxes reciben masaxes e apartan a meu pai.

Agarra o boneco mollado, do mesmo xeito que fixera aqueloutro que levaba o seu envolto nunha mantiña, e berra. Dille que non o bote da ponte embaixo, que era... E axeónllase impotente e grita unha ladaíña de nomes que se repiten con cada suco de sangue inocente que aparece fronte a el.

Durmo e soño. Soño e durmo máis. Non esperto, como nas mañás nas que o papá me tapa co seu corpo para que esqueza que xa non quedan mantas coas que abrigarse nin camas ás que quitar madeira coa que quentar a casa. Inmóbil, asubíame que me quere, murmúrame que xamais me abandonará

e que xamais deixará que seque a derradeira das miñas bágoas mentres non dea con quen disparou a arma da bala que me matou.

Sécaseme a boca e non teño sede. O sangue coagúlase e conxélase e non vivo.

O papá dicía que se tiña sede era porque estaba viva, se tiña frío era porque estaba viva, se durmía era que estaba viva.

Acabo de deixar de soñar. Aínda escoito músicas e ruídos de fondo, pero xa non soño, xa non esperto.



Rexina Vega

Besta e nai

É o 31 de agosto de 1943 e vai calor, unha calor de fin do mundo, de apocalipse chumbiza que esmaga. Do útero da terra saen miles de formigas voadoras, nubes negras de aspas plásticas que veñen contra min. No eido comezan a aparecer sapos que xiran os seus ollos e inchan as vexigas rugosas. Este silencio. A nai ten un encargo para min, unha misión: tornar a auga para a nosa veiga, alí na poza do Rosío, no fondo do lugar, nesa poza de auga lamacenta patrullada polas cobras.

Eu vou abrir coas miñas mans pequenas o barro suave, rabuñar aí e cambiar o sentido da auga, eu como un gardaagullas do dédalo dos campos. O millo está a piques da colleita. Gústame ver as espigas agochadas entre os talos, nos petos verdes desde os que asoman as súas melenas de fíos vermellos. Paseo entre os campos, as plantas son tan altas que probablemente chegarían ao ceo, á casa do xigante, se non as abatese a boca da fouciña de aquí a pouco. Tapo un ollo e vexo as ringleiras que forman unha liña de fuga, un esplendor xeométrico, o mundo sometido a disciplina, un mundo de soldados verdes que poden atacarme co gume afiado e a aspereza pegañenta das súas follas. O corazón báteme, quero saír do campo, fuxir destas enormes vergas verdes e as súas serras carnívoras. Corro cara á poza, rabuño na terra, abalo as pedras que atorán, os farrapos que entullen. Comeza a saír auga, canta, primeiro, breve regato que a terra bebe como se fosen ouriños, despois, café avolto no que flotan partículas de pó, xa logo, torrente que aclara, que se adorna das cicatrices do terreo. As plantas rin, estounas vendo rir, espreguizárense ao contacto da auga fresca. Son o gardaagullas do circuíto, digo para min, cheo de fachenda.

Teño oito anos e as tamancas rotas e estou deixando fluír, acompañando a auga. Pero teño medo. O ceo acaba de volverse negro. Todo está parado. Sinto unha forza que turra de min cara abaixo, cara ao centro da terra. De súpeto unha enramada brillante estala no ceo, un tridente, unha forquita. Só estou eu no campo, este raio é para min, vai na miña procura. O fulgor déixame cego, cando recupero a visión escoito un trebón monstruoso, o bramido do xigante que vive no palacio das nubes. Rompe o mundo sobre min e axiña comezan de novo a caer fíos de lava, látegos eléctricos que debuxan fracturas no ceo. Non sei cara a onde marchar, cara a onde hei de protexerme desta chuvia de metralla. A tormenta eléctrica. Seca. A máis

perigosa das tormentas. Dixéronme que mata, que estes raios matan, que se meten pola pel adentro e converten o corpo nun chamizo negro. Nun recanto da veiga, vexo o carballo ferido, case morto, un suco enorme na carne leñosa, renegridos os bordos, partido por dentro. Penso en aniñar aí, en abeirarme coa cortiza dese monstro estartelado, vou, vou correndo, as lamas das follas de millo esgázanme os brazos, sangro. Estou dentro. O ruído do trebón rebota nos meus tímpanos, cascas a piques de desfacérense en po dentro da cabeza. Non podo volver á casa. Estou paralizado polo terror. Só penso na nai, nos brazos amorosos da nai. Mamai, Mamaieee. Berro, todo o alto que podo entre sacudida e sacudida do trebón. Non quero morrer. Son só un neno. Ten que vir a nai, a miña nai poderosa, a que me enviou aquí ten que vir salvarme. Non, non hai ninguén. E caen os alustros do inferno, pégame contra a cortiza, amóldome a este oco renegrado para que o raio non me atope, non me vexa. Mamá, mamá, onde estás mamá? Teño a boca seca, a gorxa inflamada de berrar e só hai trebón, só este furor da fin do mundo. Canto tempo levo aquí, neste tobo que me deixa os pés á intemperie? Mamá, mamá, necesito que veñas. Ao carón dos meus pés vexo un seixo, cóllo, vou petar con el contra a superficie do legón que levo, o meu sacho pequeno, quizáis ese chíó metálico sexa máis potente que a miña voz xa desgastada. Toco, toco o legón, o son pérdese polo fondo do lugar, rítmico, ese ruído é feito polo home, ese ruído rítmico, a canción que chama pola nai. Ven, mamá, ven, ven. Estou a piques de desvanecerme, vexo ao lonxe un animal, o lombo, os ollos do lobo. A escena baléirase, sinto o silencio metérseme dentro, facer impacto en min, pararme o corazón, o corazón que xa non latexa en min, o músculo helicoidal de cando era novo e poderoso. O corazón, a nube nos ollos, o tanguido do legón. Unha chamada encriptada que só a miña nai sería quen de recibir. E si, velaí a está, alá no fondo, diminuta, correndo polas veigas, chamándome. E o lobo, o lobo que nos ve, equidistante das presas. Dubida, calibra, ese animal grande, esa boca. Bérrolle á nai, advírtoa desde o meu tobo de cortiza, baixo os alustros. Coidado, nai, sálvate!!! Imaxínoa deitada no medio da veiga, co sangue no pescozo, un fagonazo vermello salferindo a grisalla do ceo e non podo, non podo habitar neste horror que agora se me repite. A perda da nai, a perda do meu corpo, de todo o que me ampara. Non sei aínda xebrarme dela, deslindarme, ela é aínda parte dos meus límites. Sálvate me nai!! Berro coa gorxa rota mentres os trebóns rompen. Ela detense, o lobo camiña paseniño cara á súa beira, e volvo ver o primeiro milagre da miña vida, os ollos da miña nai baten co lobo. Ela, magnífica, coa estatura dun xigante, manda no mundo, impón a súa presenza, os seus ollos teñen a mesma calidade de

negrura. Ergue suavemente as súas mans anchas, os dedos coma espigas. O animal fica a poucos pasos, olfactéaa na bufarada de vento quente, ela besbexa algo que non podo oír, fala co lobo, fala nunha lingua estraña de cabezas sucias, o trampitán que nos precede, ela sabe falar, sabe activar a sopa escura, a esquecida linguaxe que alenta no cerebro primitivo e que nos fai iguais a todo o que vive. Besta e nai, dous seres magníficos, dous seres poderosos, xogando a miña sorte. E eu sigo batendo o seixo contra a folla do legón, como se esas ondas sonoras puidesen interferir no crucial diálogo que eles establecen. De súpeto o animal abáixase, inclina a súa cabeza cara á terra, e dá media volta para volver internarse na fraga. O milagre. A femia dominante reina sobre o mundo. Ela, miña nai, recólleme.

Señor Volna no corazón da ría

De sobra sabes que todo canto che conto é tan certo como que estamos ambos os dous aquí, sentados en fronte do mar, neste preciso instante. Preferiría morrer antes de che contar unha mentira. Non hai calote ningún nas miñas palabras.

Iso que vemos aí diante, iso tan verde que sobresaie no medio do mar, iso que todo o mundo pensa que é unha illa cuberta de árbores, en realidade non o é. Asegúrocho.

Non fagas caso das parvadas que poidan contar xeógrafos ou biólogos, ou o demo que os pariu a todos eles. Quen vai saber máis da ría ca nós, os mareantes que levamos toda a vida a navegar por ela? Poderán escribir cantos libros queiran para falaren de relevos submarinos ou de non sei que outros farrapos de gaita que configuran a paisaxe. Déixaos que falen e que escriban o que lles pete, porque non poden estar máis equivocados en todas as súas absurdas teorías.

Debaixo diso que estamos vendo, iso que din que é unha illa, está o corpo enteiro e verdadeiro dun home que leva toda a vida agachado debaixo do manto das ondas, o que significa que iso que moita xente pensa que é o cumio dun outeiro que comeza no fondo do mar, en realidade é a parte de arriba da súa cabeza que sobresaie da superficie salgada e fría das augas, polo que o que realmente estamos a ver neste momento non son árbores nin nada que se lle pareza, senón os seus frondosos cabelos a se mexer docemente ao ritmo que lles impón a forza do vento mareiro.

Chámase Señor Volna. Púxolle ese nome un mariñeiro ruso que navegou hai moitos anos por estas augas. Polo visto significa marea na súa lingua.

Se nunha noite de luar, desas nas que hai unha quietude absoluta e o mar está tan calmo que non se move nin o máis mínimo, vimos sentar aquí, neste mesmo sitio, e non lle quitamos a vista de enriba, case sen nos decatarmos acabamos percibindo os seus movementos vagarosos, coma se fose un animalíño preguiceiro a se deslizar senlleiro e calado pola superficie esvaradía das augas.

Moitas veces oínlles dicir aos meus compañeiros que os días en que entra temporal pola boca da ría o movemento de Señor Volna é moito máis brusco, máis acelerado, máis desconcertante, cousa que non resulta moi difícil de comprender, porque por moito que isto sexa como unha gran baía

moi ben protexida, ben sabes que o mar, cando quere, é realmente traizoeiro e por iso cómpre que sempre se lle teña moito respecto. Pero eu, para che ser de verdade sincero, nunca me atrevín a vir até aquí nun día de tempestade, xa que neses momentos en que chove tanto que o ceo semella querer fundirse coa terra e o vento zoa con tanta brusquidade que a un lle entran ganas de tapar os ouvidos para non oílo, o único que me pide o corpo é estar ao acubillo da casiña porque non hai nada máis grato que escoitar o ruído que fai a choiva contra o tellado cando se está a cuberto, ben abrigadiño.

Xa pasaron tantas xeracións de mareantes por todos os portos desta ría que ninguén sabe a ciencia certa en que momento Señor Volna se instalou aquí, no medio e medio do mar, e tampouco ninguén conseguiu verlle o corpo enteiro por moitos intentos que se fixeron de retratalo ao longo dos séculos. Pero é de supoñer que decidiu vivir aquí porque, por algún motivo que nos é descoñecido, andaba a procurar un abeiradoiro onde se sentir protexido das tempestades cando aínda non era nada máis ca un meniño.

Supoño que o momento en que Señor Volna decidiu quedar a vivir no lugar onde se atopa agora mesmo tivo que ser moi inquietante para a xente toda da contorna, porque erguerse un día pola mañá despois dun tremendo temporal e descubrir que no decurso da noite, así como por arte de maxia, xurdira unha illa no medio do mar non debe de ser unha cousa moi doada de comprender, e como todo isto pasou hai unha boa morea de séculos e Señor Volna era aínda un raparigo, é de supoñer que tiña o carácter rebuldeiro que correspondía á súa idade e se dedicaba a brincar sen parar, entregado a xogar aloucado coas ondas e as escumas, polo que a poboación tiña que vivir moi intranquila ao se sentir moitas veces ameazada polos seus imprevisíbeis caprichos.

Por moi incríbel que che poida parecer, a cabeza de Señor Volna foi transformada en arsenal durante unha boa morea de anos, cando os militares decidiron utilizala para almacenar todo tipo de armas e municións. Moito debeu de sufrir o pobre ao longo de todo ese tempo! Non quero nin pensar o horríbel que debe de ser sentir que tes tan mortíferos trebellos agachados entre os teus propios cabelos.

Disque Señor Volna acabou tan maliño que mesmo estivo a piques de finar de pura tristeza. Pasou tanto tempo sen ser quen de se mover, que os mareantes todos estabamos convencidos de que morrera, así que cando pasabamos preto da súa cabeza faciamos soar as bucinas das nosas embarcacións para ver se eramos quen de espertalo, para intentar que puidese sentirse acompañado, para que notase que de ningunha maneira estabamos dispostos a abandonalo, porque non podes nin imaxinar canto

nos axudou dende que deixou de ser un raparigo rebuldeiro e se converteu no adulto que é hoxe en día.

Agora, só por ver de nos protexer, está todo o tempo a vixiar, sen apartar os ollos en ningún momento, as subidas e as baixadas das mareas, a controlar as correntes que se moven incesantes por toda a extensión da ría para impedir que poidan enlouquecer, e a protexer agarimoso as nosas embarcacións para que sempre poidan regresar a porto. Mesmo che hai algúns mareantes que aseguran que poden navegar única e exclusivamente porque senten as mans suaves e delicadas de Señor Volna a lles marcar un rumbo certo por baixo das quillas dos seus navíos.

Pode ser que te preguntes por que os libros de historia non mencionan nada de todo canto estou a che contar. Por moi inxusto que che poida parecer, non din nin unha soa palabra disto porque para quen os escriben non é nada máis ca unha canfurna inventada nalgún momento para satisfacer a nosa ignorancia de mariñeiros. Fíxate que barbaridade! En que cabeza cabe que saiba máis da ría un historiador que pasa media vida metido nunha biblioteca, sempre co nariz pegado a un libro, ca un mareante que coñece todos e cada un dos recunchos desta costa nosa, tan chea de labirintos arresados que non poderían comprender por moito que teimasen en intentalo.

Unha vez un compañeiro contoume que mentres andaba a recoller unhas nasas albiscou debaixo das augas un pequeno escintileo que lle chamou moito a atención, non podía ser doutro xeito. Quedou tan abraiado que decidiu ficar completamente parado para ver se o daba visto de novo e, xusto no momento en que menos o agardaba, alcanzou a ver un ollo moito máis grande có dunha balea que estaba a fitalo dende debaixo do mar, moi preto da superficie. Quedou tan sorprendido polo que acababa de ver, que soltou o cabo onde levaba as nasas prendidas e levou un desgusto tremendo porque foron directas ao fondo do mar e pensou que as perdera para sempre. Pero sabes o que pasou entón? Pois pasou que, para a sorpresa do meu amigo, as nasas comezaron a aboiar na superficie da auga tan cheas de nécoras como nunca na vida as vira. A man de Señor Volna recolléraas do lugar onde caeran para llas devolver cunha amabilidade e unha elegancia dignas dun cabaleiro moi ben instruído en asuntos de etiqueta. Non me digas que non é un acto de absoluta bondade. Para que logo alguén poida poñer en dúbida a súa benevolencia! Haiche xente ben ruín e ben cativa!

Un día que volvamos navegar na miña lancha habemos de nos achegar á beiriña mesma de Señor Volna, e xa verás como, se as augas están ben clariñas e imos moi pendentes dos fondos mariños, quizais alcancemos a ver os seus pés, que son tan grandes que semellan rochas enormes cubertas

con milleiros de mexillóns a sobresaír entre frondosos bosques de algas, e se nos fixamos moito, quen sabe se mesmo quizais cheguemos a albiscar tamén os seus brazos, longos coma arrecifes ateigados de peixes que bican sen parar a súa pel, agradecidos de se sentir en todo momento protexidos.

Cunha pouca de sorte igual mesmo consigamos ver os brillantes e sinceros ollos de Señor Volna, sempre moi pendentos de todo canto pasa no corazón da ría.

Fíate de min e non fagas caso ningún de quen diga que o que che conto é mentira.

outubro de 2019

VOCES DE FÓRA

DNOR

KRISTINA KOČAN: COMO FARÍAS CUNHA CERVA

TRADUCIÓN E INTRODUCCIÓN DE
ISAAC XUBÍN

Kristina Kočan (1981, Maribor, Eslovenia) é poeta e tradutora. No ano 2016 doutorouse en poesía estadounidense contemporánea na Facultade de Artes de Maribor. Publicou tres coleccións de poesía: *Šara* (Lixo, 2008), *Kolesa in murve* (Bicicletas e moreiras, 2014) e *Šivje* (Coser, 2018). *Šara* foi seleccionado finalista para o Premio ao Mellor Primeiro Libro. No ano 2006 participou na tradución dunha antoloxía de poesía afroamericana titulada *Govoreči boben* (*O tambor que fala*) e dous anos despois publicou a súa tradución de poemas seleccionados de Audre Lorde. A poesía de Kristina Kočan, as súas traducións e artigos están publicados nas principais revistas literarias eslovenas. No ano 2020 sairá publicado o seu primeiro libro de narrativa curta.

No ano 2017 fun convidado por Brane Mozetič para participar nun obradoiro de tradución poética en Škocjan, Eslovenia. Aterrei un día de novembro nunha Ljubljana completamente cuberta dunha superficie branca de nubes baixas das que asomaban uns curutos verdes que semellaban illas. Marchei do país nun autobús que me levou a través da neve até case a fronteira con Bosnia antes de baixar, para o meu alivio, cara a Zadar, a seguinte etapa daquela viaxe.

Foi en Škocjan onde coñecín a Kristina Kočan que, ademais de anfitriña, foi a mantedora dun acto poético na feira do libro de Ljubljana á noite do noso último día de estadía en Eslovenia. A idea de Brane Mozetič era contar no obradoiro con poetas que falasen de compromiso social, o grupo de poetas foi conformado en base a esta premisa e baixo esa premisa aceptamos a nosa participación. O certo foi que despois alí cada un de nós presentou o que lle veu máis ou menos en gana e o compromiso social non abrollou moito aqueles días no rural esloveno que nos rodeaba.

Adoitabamos camiñar despois de cada xantar e cada día escolliamos un camiño diferente. A nosa experiencia, día tras día, trouxo os seus froitos durante o derradeiro paseo. Aquela tarde o camiño levounos até a igrexa

de Santa María de Kačiče, foi un accidente, só queríamos estirar as pernas. Mentres camiñabamos polo longo sendeiro, antes de chegar á curva dende a que era posible ver a igrexa, eu camiñaba varios metros por detrás dos meus novos amigos. Andrea Vatulíková, o seu corazón non está feito para seguir as normas dos camiños rectos, buscaba un pau a modo de caxato entre os diferentes tesouros que a natureza lle ofrecía ao pé das árbores. Eu estaba demasiado lonxe para escoitalos pero imaxinaba que Marko Pogačar estaba a practicar o seu esloveno con Kristina Kočan e estaba seguro de que ela ría, iso é seguro, Kristina estaba a rir. Entón puxen os ollos nas copas das árbores perennes e o seguinte que recuerdo é a visión da igrexa.

Kristina e Marko xa estaban alí, observando as catro campás que penduraban da torre, e Andrea semellaba feliz collendo algunha cousa do chan, ao carón do muro de pedra. Cando me unín á análise silenciosa da igrexa, Andrea ofreceunos unha pequena alfaia para cada un de nós: tres castañas descansaban sobre a palma da súa man aberta. Collín a miña e gardeina no interior da man durante toda a tarde, malia que estiven tentado a arrebolarlla a unha daquelas campás para comprobar as características do seu timbre. Marko decidiu dirixirse ao cemiterio. Así o fixemos tamén Kristina e mais eu cando reparei en que Marko estaba parado diante dunha gran lápida. Pero aquela lápida non resaltaba de entre as demais polo seu tamaño, senón polas súas cores. Dous elementos, sobre a impoluta superficie branca, chamaron a atención dos meus ollos: unha estrela vermella e unha cruz negra. Estabamos diante da tumba de seis partisanos.

«Mira», dixo Marko, «verás isto na meirande parte das lápidas de partisanos en Eslovenia, a estrela e a cruz. Eran comunistas, cristiáns e comunistas». Estabamos en completo silencio e rodeados de árbores, un feito que aproveitou un tren de mercancías para facerse notar. O inconfundible e pesado ruído do tren chegou ao seu clímax no intre en que eu me fixaba nos nomes dos partisanos, cando reparaba que un deles era italiano e que o seu nome e apelidos foran adaptados á fonética eslava. Trum-trum-trum-trum-trum-trum De onde saía o ruído? Por onde podía estar a pasar aquel tren? Marko advertiu a miña inqueda e dixo «Probablemente vai ao porto de Koper». A miña sensación era que o tren quería dicirnos algo, o tren estaba a dicirnos algo, dicíanos o nome dun país que agora só existe nos nosos corazóns: «Iugoslavia, Iugoslavia, Iugoslavia, Iugoslavia...»

Mirei cara atrás cando marchou o son do tren. Kristina apoiaba as súas costas sobre o muro de cachote, fóra do cemiterio. Camiñei até alí e ela confesou que a súa estación favorita era o outono. Pensei na miña nai cando ela me preguntou pola miña, pero decidín que non era axeitado traer

a lembranza da miña nai, así que me limitei a contestar que a miña tamén o era, o outono. Cando acabamos de compartir as vantaxes da nosa estación favorita o grupo estaba de novo unido e os catro comezamos a camiñar de volta ao obradoiro. Entón Kristina sacou do peto a castaña que lle regalara Andrea, detivo os seus pasos e arrebolou con forza a castaña ao aire. E cando eu miraba a castaña aquela, o xeito en que caía, decateime de que na nosa conversa Kristina non empregara a palabra británica para definir o outono, non dixeran *Autumn*, Kristina empregara a palabra americana *Fall*, a caída.

vlaki

včasih se ponoči slišijo
vlaki vdirajo v najino
spalnico to je zlasti slišno
poleti spiva pri odprtem oknu
so pogosto počasni
škripajoče zavirajo mi ne
dajo spati poslušam jih vedno
sem živela v krajih kjer so se
v poletnih nočeh slišali
v otroštvu je bila proga
najbolj oddaljena
vmes je bil potok
v katerem so regljale žabe
so preglasile nočne piske
kasneje je bila proga
nekoliko bližja vendar so bile
glasnejše sove zdaj se
z železnim jekom ponoči
meša le glas čričkov
ki ga ne zmore
nikoli preglasiti

trens

ás veces pola noite escoitamos
trens que invaden o noso
dormitorio un son que é nidio
no verán cando durmimos coa fiestra aberta
a miúdo son lentos
renxen ao frear e non me deixan
coller o sono ao atender aos seus láidos sempre
vivín en lugares onde
cada noite de verán podía sentir
os trens na infancia
as vías estaban máis afastadas
ao outro lado do regato
coas súas ras a croar
máis forte ca os asubíos da noite
despois os camiños de ferro
achegáronse pero foron as curuxas
daquela as que os afogaban
só o canto do grilo consegue
amalgamarse co griñido dos ferros
á noite para artellar unha melodía
que resulta imposible afogar

ruševine

vrata so se snela z okov in ni več oken
zrak je vedno svež prijeten
natančna in nepričakovana lepota
je lahko v taki hiši v poševnem drevesu
morda murva ali lipa ali oreh
ta lepota ni za nič in za
nikogar prameni svetlobe božajo
tistega ki vstopa ob jutrih v sobe
prazne in tla sestavljena
iz vzorcev bršljana in plevela
natančna in nepričakovana svoboda
je lahko v taki hiši v tebi
mir

ruínas

as portas caeron das súas bisagras e non hai fiestras
o aire é sempre fresco agradable
pódese atopar unha precisa e inesperada beleza
nunha casa coma esta unha árbore inclinada
se cadra unha moreira un teleiro ou unha nogueira
esta beleza non serve para nada ou
para ninguén os raxos do sol acariñan
a aqueles que na alborada penetran estes cuartos
baleiros e camiñan sobre os pisos estampados
de hedras e outras breñas rubideiras
unha precisa e insospeitada liberdade
pode atoparse nunha casa coma esta a través
da túa paz

hoja do dežja ali rdeči kardinal

danes si menda
šel peš po ulici
in reševal nekega
mačka misliš
da je res rabil
pomoč jaz sem
sedela doma
globoko premišljevala
o Agnes Martin
in njenem rdečem ptiču
ki ga je naslikala
brez da bi bil na sliki
osuplo sem strmela
v reprodukcijo
ki sva jo prinesla
iz New Yorka
in me je tako zanimalo
če je bil ta rdeči ptič
severni kardinal
ali kak drug
baje si hodil
tako daleč
da te je zmočil
dež v sobi je
zdaj na tleh
velika luža

camiñando baixo a chuvia ou paxaro vermello

semella que camiñaches
pola rúa hoxe
tentando salvar
un gato ti cres
que realmente necesitaba
axuda eu estaba
sentada na casa
sumida en pensamentos
sobre Agnes Martin
e o paxaro vermello
que ela pintou
sen estar no cadro
eu quedei mirando
a reprodución
que trouxemos cando volvemos
de Nova York
preguntándome con teimosía
se o paxaro vermello
era un cardeal do norte
ou quizais era doutra caste
semella que camiñaches
tan lonxe
que a chuvia
te enchoupou agora
hai unha gran poza no cuarto
sobre o chan

lov

zasleduj me
kot raniš srno
spomladi potem ko si
jo celo zimo hranil
jo oskrboval
zdaj mi sleci
kožo pogrezni se
vame silovito težko
začuti trepet
toplega mesa
srca ki še trza
odnesi me v samoto
ko ne bom več dihala
naj bom
ko me srka gozd
in me tvoje roke trgajo

caza

sígueme faime dano
como o farías cunha cerva
en primavera despois de mantela
durante todo o inverno
alimentándoa
coidándoa
agora sácame a pel
afúndete en min con forza
sinte o tremor
o meu tremor de carne quente
aínda se retorce o corazón
lévame á soidade
no intre en que deixo de respirar
déixame ser
no intre en que o bosque me bebe aos poucos
e as túas mans están a esgazarme

poznopoletne prostosti

v avgustovskem večeru otroci
vzklikajo vreščijo nekje
daleč na travniku
se v labirintu
koruznega polja
igrajo skrivalnice štoklje
jih v visokem preletu
tiho zapuščajo
en otrok je vedno tisti
ki se med koruzo pritaji
pozabi na igro
za par trenutkov
vsrka vase vonj
poznopoletne prostosti puhteče
toplote na koži
nog v kratkih hlačah
ko se igra bliža h koncu
so vsi otroci najdeni ta otrok
pogleda za starodavno izgubo
ki bo trajala vsaj leto
na hitro zagrebe
toplo suho zemljo
nese k obrazu
povonja jo z nosom in
odprtimi usti

as liberdades dos veráns de outrora

nunha tarde de agosto os nenos
berran de ledicia en algures
lonxe nunha leira
xogan ás agachadas
no labirinto dos
campos de millo e un paxaro errante
que os sobrevoa
e os abandona en silencio
sempre hai un neno
que se agocha no máis profundo do millo
esquecendo o xogo
durante uns intres
apoderándose do arrecendo
da liberdade cando acaba o verán da
calor que abrolla dende a pel
dunhas pernas espidas en pantalóns curtos
a medida que o xogo remata
todos os nenos foron atopados pero este neno
mira con atención a antiga perda
que durará cando menos un ano
mentres cava axiña
termando da seca calor
a terra no rostro
arrecendela co nariz e
a boca aberta

kolesa in murve

ko ne potujem kuham in ko ne
pišem tudi veliko kuham
takrat še pečem kot
Sylvia Plath se spomnim
na kolesa in murve
so včasih rasle pred hišo
sem odraščala jaz oče
je vedno pogruntal
rabutanje zaradi temno rdečih
sledil okoli ust in
širokega nasmeha pred hišo
je bila ravno ena murva
za vsakega otroka iz soseske
srečni tisti ki so izbrali belo
nobenih madežev v življenju
vedno izbiram stvari ki markirajo
rdečo murvo za ljubimca
lupilca cimeta na moji koži
pušča rumene madeže ki se jih
ne da izprati v mojem srcu
se vse bolj širi luknjasti vzorec
prezrele so popadale
na tla smo povozili s kolesi
da so se v vsej svoji sočnosti
razmazale med odraščanjem
so jih posekali kot da bi nas
želeli prisiliti da odrastemo prej
ne vem kakšna bi bila
naša otroštva brez tistih murv
lahko gledamo iz src v oči

bicicletas e amoras

cando non viaxo cociño e cando non
escribo abofé que cociño moito
pero tamén en forno como o facía
Sylvia Plath penso en
bicicletas e nas amoras
que adoitaban crecer diante da casa
en que me criei meu pai
sempre sabía
que estivera apañando amoras polos rastros
vermellos na miña boca e
o meu sorriso enorme na aldea
había exactamente unha moreira perante
a casa de cada neno
afortunados aqueles que escollen o brancor
sen manchas pola vida
eu sempre escollín as cousas que manchan
unha amora vermella para o amante
unha cortiza de canela que tingue de amarelo
a miña pel e que
non me pode ser riscada do corazón
un padrón perforado teima en estenderse
por riba dos froitos maduros caídos
ao chan esmagabámoslos coas nosas bicicletas
eles chapicaban
zumarentos e cando crecemos
cortaron as moreiras como se pretendesen
obrigarnos a crecer axiña
eu non sei como sería a nosa infancia
sen aquelas moreiras
podemos mirar aos ollos dende os nosos corazóns

orehi

prazniki so naju spet
nekoliko zbližali
skupaj sva
pekla kekse
da bi bolj dišalo
v stanovanju se več dotikala
da bi bilo bolj toplo
v stanovanju sva bila ves čas
tiho je minilo še silvestrovo je
bil za nama že prvi dan
novega leta nisva zaspala
niti kot Brvarjeva ljubimca
zaspita vsaj kot s hrbti zaraščena
siamska dvojčka sva midva
zaspala spet vsak na svojem
robu s hrbtom drug proti drugemu
bi vmes lahko spal
še vsaj en drug par jutri
bom šla na trg
po dve kili orehov
jih bova trla
in bova videla

noces

as vacacións permitiron
que nos achegásemos outra vez o un ao outro
cociñamos
galletas xuntos
para darlle un arrecendo especial
ao apartamento tocámolo todo tamén
para que o apartamento
gañase en calidez e estivemos todo o tempo
moi tranquilos pasou a véspera de Aninovo pasou
o primeiro día do ano
e ao final quedamos durmidos
pero cando menos os amantes
quedan durmidos como siameses
rozándose coas costas nós quedamos
coas nosas costas enfrontadas
pero tan separados que
outra parella
podería durmir entre nós irei mañá
ao mercado
para facerme con dous quilos de noces
abrirémolas
e xa veremos despois

walker

sošed ki sem mu dala ime Johnny
tako da ima ime in priimek
– Johnny Walker –
gre vsak dan nekam peš
hodi s knjigo v rokah in nikoli
ne odvrne pogleda
hodi v črnem hodi sam
ljudje ki gredo mimo
se sprašujejo
o vsebini
knjige
njega
časa
in če obstaja
njegova fotografija
ko koraka in bere
včasih ga gledam z okna
tako dolgo
dokler ne izgine
na koncu dolge ulice
včasih me skrbi da se bo spotaknil
in mu bo knjiga padla z rok in bo prisiljen
pogledat naokoli
včasih mu naskrivaj sledim
in potem tavam kjer tava on
ker nikoli pravzaprav nikamor ne gre
on hodi da bere
včasih hodim kar ob njem in me
sploh ne vidi
naslova knjige ne ugotovim nikoli

walker

o meu veciño a quen chamo Johnny
para que ademais de apelido teña nome
-Johnny Walker-
camiña todos os días cara algures
cun libro nas súas mans
el nunca ergue o queixo
el camiña de negro e faino a soas
as persoas que o sobrepasan
pregúntanse
sobre o contido
do libro
sobre el
sobre o tempo
e se hai
unha fotografía del
camiñando e lendo
ás veces miro para el
dende a miña fiestra
até que desaparece
ao final da longa rúa
ás veces preocúpame que poida caer
que o libro caia das súas mans
el estaría obrigado a mirar cara arriba
ás veces sígoo
vagando en segredo por onde rolda
porque nunca vai a calquera parte
el camiña para ler
ás veces camiño ao seu carón e el
nin sequera me ve
nunca consigo enxergar o título do libro

spisek (stvari, ki jih moraš narediti v New Yorku)

kupi novo kalimbo vsak dan
obiskuj knjižnico študiraj
še v Strand a pri tem pazi
na težo knjig poslušaj
jazz koncerte vendar samo enkrat
v deželi ptiča/ptičev/ptic?
sicer na nenavadnih lokacijah
opoldne in morda kdaj
v New Jerseyu
teci skozi centralni park ne
kot tekač temveč
človek v enem mesecu
govori najmanj s 361 naključnimi
mimoidočimi pojej
dva hamburgerja
za primerjavo vsaj en brunch
pastrami sandwich pri kitajcu
židu korejcu kak texmex afričanu
in indijcu v trgovini za živali
kupi edinstveno igračo
za Burjo in zase nekje
neko torbo kopat se pojdi
na ognjeni otok med tednom
ko ne bo gužve valjaj se
med visokimi travami na eni sipini
povej da je ocean drugačen od
Sredozemlja na 14. ulici
naberi nekaj listov
ginka stisni jih
v herbarij ko čakaš
na podzemno se igray
igro kdo prej ugleda podgano
na tračnicah poslušaj poezijo
na New York poetry festivalu
in ugotavlaj da imajo pesniki
tam še svojo senco radi

listaxe (de cousas a facer en Nova York)

mercar un *kalimba* novo
visitar o estudo da biblioteca
ir á librería Strand pero coidado
co peso dos libros escoitar
concertos de jazz pero só unha vez
na terra do paxaro/paxaros/aves?
e se non en lugares estraños
ao mediodía e quizais ás veces
en Nova Jersey
pasear por Central Park non
como corredor mais senón
como ser humano falar con 361
persoas escollidas
ao chou comer
dúas hamburguesas
para comparalas cando menos un *brunch*
un sándwich de pastrami comer nun chinés
nun xudeu nun coreano quizais un tex-mex algo africano
e indio mercar un xoguete único
para Burja
na tenda de animais e para ti
unha mochila dar-me un baño
en Fire Island durante a semana
cando non hai moreas de persoas
sobre a herba das dunas
e dicir que o océano é diferente
ao mediterráneo recoller
na rúa 14 algunhas follas de ginkgo
prensalas
nun herbario mentres agardas
o metro xogar a
ver quen é o primeiro en ver unha rata
sobre os carrís escoitar poemas
no festival de poesía de Nova York
comprobar que os poetas
aquí adoran até a súa propia sombra

POÉTICAS

DOOR
NOVA

DANIEL SALGADO

Sobre unha edición de 1922 do *Manifesto Comunista* traducida ao italiano por Antonio Labriola e publicada polo Partido Socialista Italiano

Non son manchas, apenas o rastro dos anos sobre o papel,
a súa sucidade porque o tempo é sucio,
non son manchas apenas
indicadores de que todo pasa agás esa inxente esperanza
e unha prosa tan perfecta para a eterna reclamación de xustiza,
é dicir, contra calquera disposición a prol da ociosidade,
porque é ao facer que pensamos o mundo e se cadra velaí
como existe o interior dunha laranxa ou o verso exacto
dunha canción de Vamvarakis, o grego,
que tamén procurou en páxinas semellantes a estas de 1922
a ruta misteriosa cara ao cuestionamento do dado,
ou o descubrimento intempestivo
desa man que anotou a lapis quen era Guizot, a Santa Alianza, Metternich
e porén é a luz a que provoca que se abran as alamedas
e humildemente, humildemente, irmos comprendendo,
igual que comprendemos a negatividade inserida na materia viva
e esta edición ao coidado do Partido Socialista Italiano
cando o século da paixón do real xa se espreguizara e a gran revolta
estaba en marcha e tamén a súa poesía,
dunha calidade moi próxima á que agachan as manchas
da cuberta de *Il Manifesto dei Comunisti* en versión de Labriola,
derivadas da humidade, testemuñas dunha supervivencia, do pobo
que pelexa a súa lei, inscribiu Heráclito,
formas informes como as nubes no final de xullo
ou os debuxos da madeira de aglomerado, as fábricas e os seus restos,
civilización industrial pero non a súa desaparición, o seu
desprazamento, e xusto no corazón desa treboada de ruínas nós,
intentando saber que acontece e as razóns detrás dun poema así,
a estas alturas,
intentando coñecer as decisións do miñado que se afasta en círculos
igual que a posibilidade de que a dúbida derrote a propiedade privada

e desa maneira a amabilidade á fin sexa posíbel,
explicaría o xa vello Bertolt Brecht coa súa intelixencia de aceiro
e herba mol: a algo así debера asemellarse este poema
de non se precipitar hai xa demasiadas liñas
por camiños distantes e sen asfaltar pero sempre leais
a ese rastro dos anos que rodea o nome de Carlo Marx
nunha edición ao cabo erradamente datada de *Il Manifesto dei Comunisti*.

XAIME FANDIÑO



SUMARIO

- 5 **CREACIÓN**
- 7 ANA ABAD DE LARRIVA
Poemas
- 13 ANA FONTENLA
Para o mal que estamos queixámonos moi pouco
- 17 ANTÓN BLANCO
Barcarola do maelström e os dous mares para (...)
- 21 BELÉN SENÍN
mar aberto
- 24 BENJAMÍN VIDAL
Minuta
Coiro
- 26 BRAIS LAMELA
Mineralia
- 28 CELIA PARRA
Do silencio e o movemento. Tres postais
- 30 CHUS PATO
[Quen]
[Sucedeu]


- 32 ESTÍBALIZ ESPINOSA
| *Palabra de Andrómeda* |
A Osa Maior era nai solteira
- 36 HELENA SALGUEIRO
[Corren cabalos polas miñas costas, o seu brío impídeme camiñar]
[Porque fixen do meu corpo o afogarme nun vaso]
[Aprendín que o xeito perfecto de cuspir mensaxes perdidas]
- 39 LORENA SOUTO
Sereas
Potemkin
- 41 MARTA DACOSTA ALONSO
A ti que me devoras...
- 42 NOELIA GÓMEZ
[a caída ocorre no sofá azul exactamente no punto da primeira vez]
[o abandono semella unha cama baleira]
[hai sinais imposibles de borrar]
- 45 ORIANA MÉNDEZ
[Refírome a un dezanove de maio]
[Permanece e vibra a visión das moscas]
- 48 ROSALÍA FERNÁNDEZ RIAL
Ubi sunt?
- 52 SARA VILLAR AIRA
Quereres
- 53 SERXIO ABALO
[Xa estás aquí]
[As tropas de nós avanza, padre, onde o ventre desaparece]
[Na parálise da boca dedos suxos indican a ruta]
[Escoitas o ruído]
- 57 TAMARA ANDRÉS
dúas variacións sobre a visión dun poema
- 59 ANDREA BARREIRA FREIJE
Só quedan as preguntas

- 62 CECILIA F. SANTOMÉ
Aquí, no sitio do corazón
- 65 LOIS ALCAYDE DANS
Solpor
- 68 MARIO PARDO
O barco Galicia
- 70 MONCHO IGLESIAS
O oso de peluche
- 73 REXINA VEGA
Besta e nai
- 76 XESÚS CONSTELA
Señor Volna no corazón da ría
-
- 81 **VOCES DE FÓRA**
- 83 KRISTINA KOČAN: COMO FARÍAS CUNHA CERVA
Tradución e introdución de Isaac Xubín
- 86 vlaki | *trens*
- 88 ruševine | *ruínas*
- 90 hoja do dežja ali rdeči kardinal | *camiñando baixo a chuvia ou paxaro vermello*
- 92 lov | *caza*
- 94 poznopoletne prostosti | *as liberdades dos veráns de outrora*
- 96 kolesa in murve | *bicicletas e amoras*
- 98 orehi | *noces*
- 100 walker | *walker*
- 102 spisek (stvari, ki jih moraš narediti v New Yorku) | *listaxe (de cousas a facer en Nova York)*
-
- 105 **POÉTICAS**
- 107 DANIEL SALGADO
- 109 XAIME FANDIÑO

Este volume da revista
Dorna. Expresión poética galega
saíu do prelo nos obradoiros da Imprenta
Universitaria. Compostela,
outono de 2019



DORNA



2019
EXPRESSION POÉTICA GALEGA Nº 42